

sarria

Peleriños, Sarricanta e o Concello de Sarria organizan actividades polas Letras Galegas. **Páx. 2**

samos

Lóuzara renderá homenaxe ao poeta Fiz Vergara cunha placa na súa casa. **Páx. 16**

paradela

A escritora Sonia Arias presenta o seu libro 'Antes pasábase por aquí'. **Páx. 18**

o incio

Preparan unha nova área recreativa no Muíño do Sancho, en Trascastro. **Páx. 19**

láncara

A Asociación O Noso Lar organiza unha excursión a Taramundi o 17 de maio. **Páx. 20**

Maio, un mes de moita actividade cultural



Actuacións na rede viaria provincial

Tomé anuncia un segundo paquete de obras para 120 quilómetros de estradas. **Páx. 11**

Samos e o seu valor cultural e patrimonial

Analizamos os elementos que colocan o municipio no mapa comarcal de Sarria. **Páx. 17**

Asociación Create



Destacan o obxectivo de ser un punto de unión entre o rural e o urbano. **Páx. 6-7**

Amigos do Camiño Sarria



Falamos coa Asociación de Amigos do Camiño de Santiago na Comarca de Sarria. **Páx. 13**

Álex Losada e Mateo Fdez



Proclamáronse campións de Europa de taekwondo. **Páx. 21**

Os valores na canteira da SD Sarriana

Os equipos sobresaen polos resultados obtidos durante esta tempada. **Páx. 22-23**



CORBAR
MAQUINARIA

INNOVACION,
COMPROMISO
Y GARANTIA

NOVEDAD



CUCHILLA MAÍZ LATERALES ABATIBLES MODELO MEIRA



ENCAMADORA DE CUBÍCULOS DE 0,7m³, 1m³-1,7 m³ Y 2,1m³



RODILLOS AGRÍCOLAS ARRASTRADOS AUTONIVELANTES DESDE 1-2-3- CUERPOS DE 3 A 11 M DE LABOR. TUBOS 711X12, 820X18 Y DE 3000 KG A 8000 KG.



CUCHILLA MAÍZ MODELO CORISTANCO



EXTENDEDOR DE SILO MODELO VIMINIO CON BOMBOS GALVANIZADOS DE Ø 80/225 E Ø 100/240



ENCONTRARÁS CUALQUIER TIPO DE RECAMBIO AGRÍCOLA

www.corbarsil.com

MAQUINARIA AGRÍCOLA CORBAR, S.L. Polígono Ind. O Morelle nave nº 4 - 27614 - Sarria, Lugo // Telf. y Fax: 982 531 463 // corbar@corbarsil.com

SARRIA

A Asociación Sarricanta celebrará un acto especial o 24 de maio



A Asociación Sarricanta celebrará o vindeiro 24 de maio un acto especial con motivo do Día das Letras Galegas, unha data emblemática dedicada á lingua e á cultura galegas. Aínda que tradicionalmente a entidade organiza a conmemoración o propio 17 de maio, este ano a actividade trasládase por motivos organizativos e terá lugar no local da Unión, a partir das 19:30–20:00 horas. O evento, que conta coa colaboración do Concello de Sarria, reunirá diversos colectivos culturais da localidade, entre eles o propio grupo Sarricanta, Cantareiros, o grupo de teatro Rebuldeira e a Banda de Música de Sarria. A cita será nun espazo interior da Sociedade A Unión para maior comodidade do público: “Será dentro porque pode facer frío e a xente sentada pode coller frío”. O programa incluírá música, cantos, unha representación teatral, así como outras sorpresas pensadas para todas as persoas

que queiran participar, xa que será un evento aberto a todo o público. Como é tradición, a homenaxe xirará arredor da figura á que se dedica este ano o Día das Letras Galegas. “Sempre facemos homenaxe á persoa á que están dedicadas as Letras Galegas, e este ano, ao estar dedicado ás cantareiras e pandereiteiras, e ao ser algo tan noso, será moi especial”, adiantan. A intención da Asociación Sarricanta é clara: “Queremos facer un acto da lingua e da nosa cultura. O máis importante é poñer en valor a cultura e iso primámolo sempre; e neste acto, máis aínda, xa que defendemos a lingua galega”, destacan. Este evento reforza o compromiso de Sarricanta coa promoción do patrimonio cultural galego e súmase ás múltiples iniciativas que, ano tras ano, manteñen viva a tradición de celebrar e protexer o idioma e a identidade de Galicia.

Peleriños organiza 'O cantar e o tocar' polas Letras Galegas

A Asociación Cultural Peleriños de Sarria organiza, con motivo do Día das Letras Galegas, a iniciativa 'O cantar e o tocar', un conxunto de actividades programadas para toda a veciñanza de Sarria co fin de render homenaxe ás Pandereiteiras e á Poesía Popular Oral, xa que este ano o 17 de maio estará dedicado ás cantareiras e pandereiteiras. A programación comezará o domingo 27 coa proxección do documental "Dorothe na Vila" no Cine Club da Unión ás 19:00 horas.

A seguinte actividade será o 9 de maio e consistirá nunha mostra das Pandereiteiras dos Venres, entre as 18:30 e as 20:30 horas no Boulevard. O 13 de maio terá lugar unha xornada de "Aulas na Rúa" para persoas adultas na Praza da Vila, entre as 18:30 e as 21:30 horas, mentres que o 16 de maio se organizarán



as "Aulas na Rúa" infantís no Malecón, de 16:00 a 20:00 horas. Ademais, o 10 de maio celebrase o acto central desta homenaxe ás Letras Galegas 2025 con varias actividades en O Buril, comezando ás 18:30 horas cun obradoiro infantil de canto e pandeireta impartido por Peleriños; ás 19:30

horas terá lugar un faladoiro coas Pandereiteiras do Alprende: "@escola_alprende: un exemplo de recollida da tradición", impartido por María Casar, da Asociación Ergueitas; e rematará ás 20:00 horas cos concertos das Pandereiteiras do Alprende, Murga e unha foliada libre.

A Esmusa, Clarisaxos e a Minibanda actuarán tamén polas Letras Galegas

O Concello de Sarria organiza un concerto con motivo da celebración do Día das Letras Galegas o venres 16 de maio na Casa da Cultura, no que participarán a Escola Municipal de Música de Sarria (Esmusa), o grupo Clarisaxos e a Mini Banda. A actuación comezará ás 19:30 horas e será de acceso libre ata completar aforo.

A programación continúa o sábado 17 de maio cun espectáculo infantil, pensado para celebrar as Letras co público máis novo e fomentar o interese pola lingua e a cultura galegas desde a infancia. Ademais, o Concello colabora coa actividade 'Movendo os marcos' no Meigallo e patrocina as actividades especiais organizadas polos

colectivos Peleriños e Sarricanta, que se desenvolverán arredor desta importante data para a literatura e identidade galegas. Con esta programación diversa e participativa, Sarria únese un ano máis á celebración das Letras Galegas, consolidándose como un referente no apoio á lingua e á cultura propias.



OSCAR
ALQUILER DE COCHES

951 12 93 33

OSCAR.ES





Alquiler de Vehículos en Sarria

VEHÍCULOS INDUSTRIALES



DESDE 36€ /DÍA

TURISMOS



DESDE 30€ /DÍA

MONOVOLUMEN 6-9 PLAZAS



DESDE 90€ /DÍA

200 KM INCLUIDOS AL DÍA Y SEGURO

TENEMOS UN COCHE DE ALQUILER PARA CADA NECESIDAD

Viajes, eventos, Camino de Santiago, coches de sustitución, vacaciones...

Sarria prepárase para acoller catro grandes eventos

Esta primeira fin de semana de maio, Sarria converterase no punto central da actividade cultural e deportiva da provincia de Lugo ao acoller a VIII Feira Expocidades, a XXVIII Feira de San Lázaro de Antigüidades e Restauración, a V Pretorian Race Sarria Xtreme e o III Rally de Regularidade Vila de Sarria do Club Clásicos.

Expocidades, a gran feira de turismo de proximidade do Eixo Atlántico, contará coa presenza confirmada de 28 localidades de Galicia e do norte de Portugal: Betanzos, Braga, Bragança, Culleredo, Deputación de Lugo, Fafe, Felgueiras, Foro Termal do Eixo Atlántico, Guimarães, Maia, Matosinhos, Monforte de Lemos, Narón, O Barco de Valdeorras, Póvoa de Varzim, Ribeira, Santa Maria da Feira, Turismo Porto e Norte de Portugal, Valongo, Viana do Castelo, Vila do Conde, Vila Nova de Famalicão, Vila Nova de Gaia, Vila Real e Vilalba, ademais da localidade anfitríoa. O obxectivo é que Sarria se converta nun gran escaparate do turismo actual, cunha programación que incluíra desde concertos ata obradoiros, catas de viños e visitas guiadas pola vila.

O evento celebrarase na Praza da Vila en horario de 12.00 a 15.00 horas, e de 17.00 a 22.00 horas o sábado; e en horario de 11.00 a 15.00 horas, e de 16.30 a 19.30 horas o domingo. Durante esta Feira, o Sarria acollerá diversas actividades gastronómicas, culturais e de lecer, como a exposición sobre Matías López, precursor do márketing publicitario, que estará dispoñible na Capela do Perpetuo Socorro da praza da Vila

do 2 ao 4 de maio. Tamén haberán obradoiros infantís, como o Obradoiro Infantil con Chocolate Matías López, que terá lugar o sábado 3 e o domingo 4 de maio ás 11.00 horas co fin de aprender de forma lúdica a facer chocolate e para achegar aos máis pequenos a figura do sarriao Matías López. Ademais, o mago Roberto Lolo impartirá un taller máxico o domingo 4 ás 12.30 horas; así como haberá un taller de música miúda ás 17.00 horas. Así, a Expocidades rematará cun concerto do grupo Clarisaxos.

Pola súa parte, a **XXVIII Feira de San Lázaro de Antigüidades e Restauración** fará que a rúa do Porvir se encha de expositores que levarán as súas pezas de anti-

coleccion desde as 11.00 ás 14.30 horas, e pola tarde, de 16.00 a 20.30 horas os días 3 e 4 de maio. Estes expositores son Pablocompraenta, Carpintería de Alejandro Antigüidades, Porvir 39, El Baúl de Cova, Mercado Tía Ni. ibro Caravan, Antigüallas, Rural o Urbano, Lola Ribeira, Antigüidades Manuel Calzada, Vintage, Antics, Relics; Fusión Antigüidades e Gastronomía, Colisevm Antigüidades y Coleccionismo, Asociación Anticuarios e Restauradores de Sarria e Asociación de Amigos das Feiras de Antigüidades e Coleccionismo. Ademais, contarase con servizo de polbeiras e coa *foodtruck* Galicia Sabe Amar da Xunta para que as persoas interesadas na Feira non teñan que buscar outro lugar



cuario para o desfrute dos amantes do vintage. Así, a rúa encherase de carpas con postos nos que as persoas xerentes de anticuarios de Sarria, de Lugo e da Coruña exporán os seus obxectos e pezas de

onde comer, xa que o poderán facer no campo onde ten lugar o Mercado Quilate de Sarria.

A Feira tamén acollerá diferentes actividades, como obradoiros e demostracións de *bonsáis*, cerá-



mica, talla, costura creativa e bolillos en diferentes postos. Concretamente, haberá unha exposición de *bonsáis* a cargo da Asociación El Serbal, unha demostración e exposición de cerámica a cargo do mestre ceramista Manuel Fernández López 'Lolo. Tamén haberá, o sábado 3, un taller de *bonsái* e un taller de barro para nenos e nenas, e o domingo haberá taller de *bonsái*, taller de cocción en *rakú* por Lolo e obradoiro de cianotipias. Tamén estará a Furgolibro con libros para as persoas interesadas. Tamén haberá actuacións musicais da man da Asociación Pelerínos, o sábado ás 18.00 horas, e da Asociación Meigas e Tragos, o domingo, ás 18.00 horas. Con toda esta actividade, a presidenta da Asociación de Anticuarios e Restauradores San Lázaro, Carmen Rodríguez, espera unha moi boa acollida por parte do público, xa que "vai ser unha feira moi diversa na que se promove a interxeracionalidade, que poidan participar as familias nos obradoiros e que cada persoa atope o que lle gusta dentro de todo o que ofrecemos. En definitiva, unha oportunidade para desfrutar de Sarria estado puro", sostivo.

Con respecto á quinta edición da **Pretorian Race Sarria Xtreme**, esta é unha esixente carreira de obstáculos que se levará a cabo o vindeiro 3 de maio no campo de rugby de Sarria, onde os organizadores esperan congrega a máis de 500 participantes procedentes de distintos puntos de España, que competirán en tres modalidades: elite, carreira popular e 'starter'. O ano pasado, Pretorianos Club comentaba que a edición fora "un éxito de participación", pero tamén polo retorno económico que xerou para a comarca de Sarria, de arredor 200.000 euros; polo que esperan que este ano a situación sexa similar ou mellor.

Finalmente, entre os días 2 e 3 de maio terá lugar **III Rally de Regularidade Vila de Sarria**, un evento especial do Club Clásicos para os amantes do motor clásico. Así, o rally comezará o venres 2 coa apertura do parque pechado ás 20.00 horas, onde se reunirán os vehículos participantes tanto do venres e sábado como os que compitan só o sábado. Para os vencedores absolutos do rally, haberá trofeos e importantes premios económicos.



VAMOS A CONSEGUIR TU MEJOR SONRISA

¿QUIERES ALINEAR TUS DIENTES Y MEJORAR TU SONRISA?

Con la ortodoncia invisible es posible de una forma muy cómoda y discreta.

¡PIDE TU VALORACIÓN CON NUESTRO ESPECIALISTA SIN COMPROMISO!

C-27-001438

- **DRA. IRIA GASAMÁNS.** Odontología general, endodoncia y prótesis. Colegiada 27001306.
- **DR. ALFREDO RODRÍGUEZ GRANDJEAN.** Cirugía oral e Implantología. Colegiado 15001940.
- **DR. SAMUEL GARABAL.** Ortodoncista. Colegiado 27001180.
- **ANISSA AMANCHAR.** Higienista bucodental. Colegiada 1674.



CLÍNICA
OBRADOIRO
DENTAL

Rúa Pedro Saco, 37 • Tel. fijo: 982 831 632 • Móvil: 621 404 218

Celébrase a XXXIV edición da Mostra Agrogandeira San Isidro



Sarria acollerá unha nova edición da tradicional Feira de San Isidro os días 10 e 11 de maio, cun amplo programa de actividades centradas no mundo gandeiro, a cultura, a música e a gastronomía. O sábado 10 de maio, a xornada comezará ás 10:00 horas coa inauguración e apertura do recinto feiral, onde haberá exposición de maquinaria, mostra de bonsáis da Asociación El Serbal, produtos artesanais e moito máis. Ás 12:00 celebrarase a poxa de xovencas frisoas. Media hora despois, ás 12:30 horas, terá lugar a actuación do grupo Meigas e Tragos e, á mesma hora, a V Feira Cabalar da Asociación Pura Raza Cabalo Galego. Ás 13:00 horas haberá unha escola infantil con actividades como coidado, trenzado e engrasado de cabalos. Xa pola tarde, dende as 16:00 horas, celebraranse os concursos morfolóxicos de cabalos e egüas de pura raza galega e cruzados, que se desenvolverán ata

as 18:30 horas. Ás 17:00 tamén se poderá gozar de pases de doma de alta escola. A entrega de premios será ás 19:00 horas. A partir das 20:00 horas, comezará a tradicional pancetada-chourizada de San Isidro, que estará amenizada coa actuación musical do grupo Ouro Tropical. Ás 20:15 horas está prevista a chegada da ruta das fachas da concentración de motos Vila de Sarria. O domingo 11 de maio, a feira continuará coa apertura da feira de gando ás 10:00 horas. Ás 12:00 terá lugar a poxa de xovencas de raza rubia galega (ACRUGA). A música encherá as rúas de Sarria ás 13:15 horas co pasarrúas da Banda da Comarca de Sarria. Xa pola tarde, ás 16:00 horas, haberá unha actuación de Pelerifños, seguida dun festival infantil cuxos detalles están por confirmar. Finalmente, ás 18:00 horas, sortearase unha xovenca de raza rubia galega entre os asistentes no recinto dos concursos gandeiros.

O pleno non aproba subir as taxas da residencia de maiores

O pleno do Concello de Sarria rexeitou este mes de abril a proposta do grupo de goberno, Camiña Sarria, para modificar a ordenanza e incrementar nun 11% as tarifas públicas da residencia de maiores Nosa Señora do Carme. A intención era elevar as cotas mensuais ata os 1.879,51 euros para residentes dependentes e 1.448,26 euros para válidos, fronte aos 1.690 e 1.302 euros actuais, respectivamente. Segundo explicou o alcalde, Claudio Garrido, a medida buscaba reducir a carga económica que supón para as arcas municipais o financiamento da residencia, que en 2024 alcanzará os 328.582 euros. Recordou que o centro non conta con achegas doutras administracións e que se mantén exclusivamente cos ingresos dos usuarios, polo que, ante unha desviación orzamentaria de 180.000 euros, consideraba necesario trasladar parte desa contía ás cotas. Garrido tamén destacou que os residentes seguirían pagando en función da súa renda e patrimonio, asumindo o Concello a parte restante. Porén, a proposta contou coa oposición dos principais grupos da corporación. Efrén Castro, portavoz do BNG, criticou a suba por ser a terceira nos últimos dous anos. Pola súa banda, Benjamín Escontrela (PSOE) amosou tamén o seu rexeitamento, protagonizando un tenso intercambio co alcalde, ao que acusou de preocuparse agora pola legalidade das baixas laborais tras acusalo a el de contratar un detective cando formaba parte do Goberno. O PP tampouco apoiou a proposta.



OUTROS ASUNTOS. Durante o pleno, aprobouse crear unha comisión especial de protocolo para o mandato do Goberno local, que estará presidida pola concelleira de Camiña Sarria Reyes Abella e contará cun portavoz de cada grupo político. Tamén se aprobou declarar de titularidade pública un camiño en Farbán que conecta a estrada de Vila-riño e o núcleo de Veiga de Arriba. Con respecto as dúas mocións levadas a pleno polo PP, ámbalas dúas foron aprobadas co apoio dos grupos da oposición e coa abstención do grupo de Goberno. Así, presentaron unha primeira moción que instaba ao goberno local a adoptar medidas que garantan unha maior axilidade e eficiencia na xestión administrativa. Segundo explican, cómpre “simplificar os procesos, eliminar trabas innecesarias e deixar de pedir aos veciños documentación que xa foi presentada ou que xa está en poder doutra administración”. Os populares consideran que a mellora dos servizos públicos debe estar na axenda de calquera goberno municipal e que a eficiencia administrativa é unha peza clave para garantir unha

atención adecuada á cidadanía. Critican que prácticas como a duplicidade na documentación ou os atrasos inxustificables “atentan contra os principios de boa xestión e acaban xerando frustración e custos inxustificables”. Con respecto á segunda, que pedía inspeccionar, reparar ou restituír os elementos deteriorados do municipio e deseñar un plan de mantemento periódico e preventivo con dotación orzamentaria suficiente; o PP advertiu do “deterioro e abandono do mobiliario urbano en distintos puntos do municipio” que, ademais de ofrecer unha “imaxe de deixadez”, pode xerar “situacións de risco” para a cidadanía e, especialmente, para persoas maiores, nenos e persoas con mobilidade reducida. Estas dúas mocións contaron cos votos a favor do BNG e do PSOE, que creron que estas iniciativas eran “lóxicas” e, polo tanto, interesantes de levar a cabo. Mentres, Claudio Garrido explicou que “unha abstención é unha forma de apoio, porque aínda que non estamos de acordo no plantexamento, parécenos ben o fondo da cuestión”, sostivo.

Preparan unha homenaxe ao eterno presidente, Jorge López

O colectivo Peregrinos Dezae, con sede en Lalín, prepara unha sentida homenaxe a Jorge López Rodríguez, histórico presidente da Asociación de Amigos do Camiño de Santiago na Comarca de Sarria, cargo que ocupou dende a fundación da entidade ata o seu falecemento en 2024. O acto terá lugar o vindeiro 12 de xullo, coincidindo co primeiro aniversario do seu pasamento, e os organizadores teñen a intención de levar a cabo un percorrido desde a sede da Asociación que presidía Jorge López ata o Concello de Sarria, onde terá lugar un acto institucional. Despois, as persoas participantes xuntaranse para celebrar un xantar conxunto nun establecemento da vila.

A xornada de lembranza reunirá persoas e entidades ligadas ao mundo xacobeo, co obxectivo de recoñecer a traxectoria e o legado de López, figura clave na promoción e defensa da ruta xacobeá dende a comarca de Sarria, un dos tramos máis emblemáticos do Camiño Francés.

A homenaxe conta co respaldo de entidades de referencia no ámbi-



to xacobeo, como a Asociación de Periodistas e Estudos do Camiño de Santiago (APECSA), a Mancomunidade de Municipios Galegos do Camiño Francés, a Fraternidade Internacional do Camiño, a Federación Española de Asociaciones de Amigos del Camino de Santiago e os Concellos de Sarria e Triacastela.

Ao evento asistirán tamén múltiples colectivos de amigos do Camiño, tanto galegos como doutros puntos do Estado e do estranxeiro, xa que durante a súa etapa como presidente, Jorge López destacou por fomentar

redes de colaboración que traspasaron fronteiras, logrando irmandamentos con entidades como o Círculo Chileno de Amigos del Camino ou os promotores da ruta xaponesa Shikoku Henro, consolidando así un espírito de irmandade internacional arredor do fenómeno xacobeo.

A homenaxe pretende ser un espazo de encontro e gratitude, onde lembrar a figura de quen dedicou a súa vida a impulsar os valores do Camiño e a acoller a milleiros de peregrinos que cada ano percorren Galicia rumbo a Compostela.

A ACES organiza un sorteo dun vale de 200 euros no comercio local polo Día da Nai



Ata o 4 de maio está en marcha a campaña do Día da Nai promovida pola Asociación de Comerciantes, Empresarios, Profesionais e Autónomos de Sarria (ACES-CCU). Baixo o lema 'Mamá dacho todo, dálle ti o mellor, merca produto local', a iniciativa busca incentivar as compras no Centro Comercial Urbano de Sarria, coincidindo coa celebración desta data tan especial. Durante este período, as per-

soas que merquen nos establecementos adheridos á campaña participarán no sorteo dun vale de 200 euros, unha motivación extra para elixir o comercio local á hora de adquirir os agasallos para as nais. A campaña está cofinanciada pola Xunta de Galicia e forma parte do compromiso da asociación por dinamizar a actividade económica da vila e promover o consumo responsable e de proximidade.



PIZZERIA PAPARAZZI
100% ITALIANI
!!OFERTAS ESPECIALES!!

-50% en 1ª segunda pizza familiar
-25% en 1ª segunda pizza mediana

Martes
Familiar de 2 adultos e 2 niños
8€

Servicio a domicilio
Rúa Diego Pazos, 30 - Balas Sarria
Tfno.: 982 012 026

COMIDA PARA LLEVAR

cafe CUBAN bar

1º PREMIO XV CONCURSO DE TAPAS TAPICHEO'22

Matias López 100, SARRIA - cafeteriabarcubano@gmail.com
Tfno.: 982 886 580

TAPERIA J | JATO

✓ Raciones a medida
✓ Comidas por encargo

COMIDA PARA LLEVAR
AVDA BECERREA 15, SARRIA - 982.047.528



“Promovemos un espazo de cohesión social e de expresión”

Verónica Quintela López, presidenta da Asociación Cultural Create, destaca o obxectivo de ser un punto de unión entre o rural e o urbano

Jessica Fernández

Con que motivación xorde a Asociación Create?

A Asociación Cultural Create naceu en agosto de 2010 da man dun grupo de persoas que tiñamos afinidade e ganas de crear un espazo no que primase o desenvolvemento persoal propio e do grupo, é dicir, un lugar onde poder medrar interiormente. Facémolo sempre tendo presente o fomento da creatividade e o respecto e coidado da natureza.

Como foi a evolución desde os inicios ata agora, 15 anos despois?

Un dos cambios mais importantes para a asociación foi conseguir un local propio. Comezamos facendo as nosas propostas no corazón de Sarria, na Sociedade La Unión, e agora trasladamos a nosa actividade para

o espazo, A Palleira, en Manán, potenciando deste xeito a nosa vontade de conectar o urbano co rural, dándolle vida a este.

“Queremos xerar espazos e contextos de diálogo e tranquilidade para fuxir da rutina e do estrés diario do traballo e da vida en xeral, conectando co lugar de onde vivimos”

Actualmente, Create é un espazo pensado para xerar contextos para o desenvolvemento

artístico, a creatividade e a recuperación do patrimonio material e inmaterial do territorio. É un lugar de cohesión social, de diálogo e encontros. Así, como ben di o seu nome, Create é un espazo onde fomentamos formas de volver a crearnos.

Cales son outros obxectivos da asociación?

O obxectivo principal é ofrecer un espazo de crecemento, de conciencia e de respecto a nós mesmos, aos dos demais e ó noso entorno. Queremos xerar contextos de diálogo e tranquilidade para fuxir da rutina e do estrés diario do traballo, permitindo-nos conectar de novo con nos mesmos. Ofrecer un espazo de creación e formación artística promovendo o encontro de artistas e creadores xunto coa comunidade e o medio rural onde nos atopamos. Traballar



para un maior recoñecemento social da cultura. Fomentar o respecto á natureza, transmitir o amor polo rural, pola lingua galega e polo patrimonio material e inmaterial da nosa terra. Promover a interxeracionalidade, xa que a conexión entre as distintas idades posibilita a aprendizaxe entre vellos e novos.

A arte e a concienciación son os piares dunha sociedade sa?

Si, para nós a arte é moi importante, porque está ligada coa creatividade e esta é fundamental para deixar ser ao individuo. Sempre nos axuda a abrir a nosa visión, permitindo-nos ter experiencias novas, e descubriremos un pouco mais. É importante reivindicar o valor da cultura, da creación e da creatividade como mecanismos de transformación, capaces de xerar dinámicas de renovación dos sistemas culturais, sociais, económicos e políticos.

Que actividades organizan?

Temos actividades que teñen certa continuidade, e varían segundo a época do ano. Estamos a facer unha xornada de “limpeza do río” por estación. Durante o outono inverno temos o ciclo “manta e chocolate”, no que dependendo da sesión pode ser un concerto, teatro, cine... sempre cunha tertulia final, que xera intercambio de ideas e sensacións entre o público e os artistas. Outras actividades que temos ó longo do ano son: “encontros co movemento”, unha sesión por mes onde se abordan diversas técnicas de danza contemporánea; “xogo libre na natureza”, pensada para facer en familia. E outras moitas actividades como a realización de un documental sobre a arte do tear, obradoiro de pan con masa nai, obradoiro de bisutería botánica, obradoiro de teatro... Ademais, estamos abertos a calquera tipo de evento artístico que nos propoñan ou que vexamos interesante.



FONTANERÍA Y GAS
VILAR VALCARCEL S.L.

AEROTERMIA
SUELO RADIANTE
BIOMASA
INSTALACIONES DE CALEFACCIÓN, FONTANERÍA Y GAS


C/ Portomarín, 17 • C/ Arias de Arbieta s/n
27600 Sarria (Lugo) • Telf/Fax: 982 531 449
Móvil: 659 589 024 • vilavalcarcel@hotmail.com

Tapisa, s.l.

TU FÁBRICA DE SOFÁS A MEDIDA

¡RETAPIZAMOS TU VIEJO SOFÁ!

982 533 165
646 599 185
Crta. Comarcal 546, km 21 Sarria



Outra das propostas son as residencias artísticas que se desenvolven na Palleira. Os artistas convidados procedentes de diferentes disciplinas (danza, teatro, performance, música, artes plásticas, visuais...), reúnen-se durante un período de tempo para levar a cabo procesos de creación e investigación. É un tempo-espazo para a produción de coñecemento dende a experimentación, o intercambio crítico, a práctica e a reflexión.

É importante esta asociación para Sarria?

Consideramos que temos unha oferta cunha visión diferente, abrimos un espazo íntimo ó público, unha casa familiar de aldea, e isto fai que os encontros sexan únicos. Ademais, Crearte leva a cabo a creación das pampónigas para as festas do San Xoán, moi representativas da Vila e as súas xentes. Á xente gústalle moito porque é un feito bastante emblemático do pobo e para nos é unha experiencia moi bonita participar nas festas patronais con personaxes relacionadas con Sarria. Este ano, ademais, elaboraremos un novo sobre a figura de Matías López como homenaxe ao seu 200 aniversario.

Como visualizan o futuro?

Queremos seguir como ata o de agora, cumprir outros 15 anos e seguir sumando xente que se anime a participar das actividades de Crearte. Agora mesmo somos arredor de 30 persoas e cremos que podemos aportar máis a máis xente. Gustaríanos levar a cabo un traballo de intervención pedagóxica na comunidade, dende A Palleira e tamén traballando de forma directa coas escolas do municipio. A través de talleres, conversas, debates, presentación de espectáculos... Promover o pensamento crítico e participativo en relación ás artes. Conseguir axudas que nos permitan viabili-

zar economicamente o proxecto e crear conexión entre o tecido cultural da zona e outros puntos do planeta. Por exemplo, temos en mente ampliar o ciclo de cine, facendo a conexión do noso cine galego con producións portuguesas. Colaborar con festivais da zona como Ribela Love Nature, un festival de música electrónica e underground. Colaboracións ca SEDE, un lugar en Sarria dedicado a difusión de Arte Contemporánea. En definitiva, queremos seguir así e ir medrando nas nosas inxerencias, que temos moitas, pero pa-
siño a paño e sen estresarnos.



A III Concentración Motera de Sarria Bikers celebrárase do 9 ao 11



Xa queda menos para que os motores volvan facer retumbar as rúas de Sarria. Do 9 ao 11 de maio de 2025, celebrárase a III Concentración Motera de Sarria, organizada polo club Sarria Bikers, unha cita que reunirá durante tres días a centos de afeccionados e afeccionadas ao mundo das dúas rodas, cun programa cheo de rutas, concertos, exhibicións e actividades para todos os públicos. O encontro arrancará o venres 9 de maio, ás 18:00 horas, coa apertura de inscricións. Esa mesma tarde, haberá unha pancetada popular e o concerto do grupo Malenne, coa noite pechando ao ritmo do DJ Cendoi. O sábado 10 de maio comezará cun almorzo motero seguido dunha ruta libre con petiscos. A música será protagonista ao mediodía coa sesión vermú amenizada pola Mekanika Rolling Band. Pola tarde, a adrenalina chegará cos xogos moteros, a exhibición do porco mecánico e un espectacular show de acrobacias de Acuko Stunt Rider, que

terá lugar no Campo da Ribela. A xornada concluirá cun momento especial: a Ruta de Fachos en lembranza dos motoristas falecidos, seguida da cea no pavillón, o concerto do grupo Claxxon e outro pase de DJ Cendoi. O evento despedirase o domingo 11 de maio cunha xornada máis relaxada pero chea de emocións, con novas rutas, sorteos e agradecementos, e finalizará cun xantar de despedida no pavillón. As inscricións contan con dúas modalidades: inscrición completa (45 euros), que inclúe todas as comidas, actividades e dereito a acampada; e media inscrición (35 euros), que dá acceso ás actividades e comidas dun único día (sábado ou domingo). A III Concentración Motera de Sarria preséntase como unha oportunidade única para vivir unha fin de semana de paixón polas motos, música en directo e boa compañía, nun ambiente de camaradería que xa se consolida como unha referencia no calendario motorista galego.



AUDÍFONOS SIEMENS
DISCRETOS, VERSÁTEIS, CON PILAS O RECARGABLES

AudioSarria
CENTROS AUDITIVOS
Nº de Registro Sanitario: E-27000398




OFRECEMOS LA REHABILITACIÓN AUDITIVA QUE MEJOR SE AJUSTA A TUS NECESIDADES

PRUEBA DE AUDÍFONOS SIN COMPROMISO DE COMPRA
PIDE TU CITA EN: 982 531 191 / 669 548 976

C/ Matías López, 63-bajo | 27600 - SARRIA (Lugo) | audiosarria@gmail.com





ASESORAMIENTO ENERXÉTICO A PARTICULARES E EMPRESAS PARA MAXIMIZAR O AFORRO NAS FACTURAS DE LUZ E GAS

Axudámosche a optimizar as túas facturas de enerxía?

Escanea este código QR e envíanos a túa factura de luz/gas para facerche unha **comparativa de aforro** personalizada:



XENERA
COMPAÑÍA ELÉCTRICA

6 principal comercializadora de enerxía 100% galega. Con máis de 130 anos de historia.

Entra e infórmate!
982 876 681
sarria@xenera.com

GESA ENERGÍA Colaborador Oficial de **XENERA**

O Premio de Poesía Fiz Vergara Vilariño aínda acolle obras



O Concello de Sarria e a Agrupación Cultural Ergueitas lembran que permanece aberto ata o vindeiro 9 de maio o prazo para presentar obras ao XXV Premio de Poesía Fiz Vergara Vilariño, un dos certames literarios máis consolidados de Galicia e que rende homenaxe á figura do destacado poeta sarrián. As obras aspirantes deberán estar escritas en galego, sen que se penalice a escolla ortográfica utilizada.

Os textos deben ter un mínimo de 500 versos, ser orixinais e inéditos, e non ter sido publicados nin premiados anteriormente. A presentación deberá realizarse en papel, en catro copias, acompañadas dunha plica pechada con todos os datos da persoa autora.

Os traballos deberán enviarse ao Concello de Sarria (rúa Maior, 14 - 27600 Sarria) antes da data límite. A obra gañadora será recoñecida cun premio económico de 6.000 euros e a súa publicación corre-

rá a cargo da Editorial Espiral Maior, unha das máis prestixiosas no panorama poético galego. O xurado estará composto por persoas de prestixio no mundo da creación ou a crítica literaria, e contará coa presenza, como secretarias con voz pero sen voto, da presidenta da Agrupación Cultural Ergueitas, María Casar, e da concelleira de Cultura do Concello de Lugo. A decisión do xurado farase pública antes do 28 de novembro de 2025.

O ano pasado, o xurado decidiu outorgar por unanimidade o galardón ao poemario 'Amor Palimpsesta', presentado baixo o lema 'Fantasmata & coop', unha obra de Helena Salgueiro Golán.

Este premio cumpre 25 anos sendo un espazo de visibilidade para a creación poética en galego e mantendo viva a memoria e o legado literario de Fiz Vergara Vilariño, unha das voces máis singulares da poesía galega contemporánea.

Nace en Sarria o Festival Porta do Son, que terá lugar o 12 de xullo

Sarria contará este verán cunha nova proposta musical e cultural: o Festival Porta do Son, promovido por un grupo de mozos galegos "unidos pola nosa paixón pola música e a cultura e co desexo de aportar algo novo e ilusionante á vila de Sarria", explican os organizadores. O festival celebrárase o 12 de xullo de 2025 en Sarria e contará cunha programación continua de máis de 8 horas de música en directo, cun cartel composto por DJs e artistas de primeiro nivel e de estilo musical urbano, co fin de dirixirse a todos os públicos e creando un ambiente interxeracional. "Será como O Son do Camiño pero a baixa escala e en Sarria", defenden. O evento será de acceso controlado, cunha entrada mínima que contribuirá a cubrir os gastos de organización e garantir unha experiencia de calidade, segura e profesional. Así, está dirixido a un público de entre 18 e 40 anos, maioritariamente de Galicia, "pero tamén a persoas doutras comunidades que buscan unha experiencia musical e cultural auténtica", explican. Ademais, o evento atraerá tanto a residentes como a visitantes, favorecendo as pernoctas e o consumo local, especialmente en sectores como a hostalaría e o comercio, polo que se disporá dunha zona gastronómica con *foodtrucks*, que ofrecerá diferentes opcións para todos os asistentes. Con todas estas vantaxes para a vida de Sarria, a iniciativa conta co apoio institucional do Concello de Sarria e de Turismo de Galicia, pertencente á Xunta. "Estas



colaboracións permiten reforzar o impacto cultural e turístico do evento, asegurando a súa viabilidade e proxección no tempo como unha cita de referencia no calendario galego", destaca Pablo Parga, un dos organizadores.

COMO XORDE A INICIATIVA. O Festival Porta do Son xorde trala experiencia deste grupo de amigos na organización de eventos, "pero sobre todo cun forte compromiso coa nosa terra, queremos crear un festival feito desde a proximidade, e co apoio de artistas e xente da zona. Apostamos por unha proposta auténtica, con vocación de continuidade, e estamos abertos a colaborar con empresas e entidades que compartan esta visión e queiran sumarse a esta aventura cultural e social", subliñan. Ademais, engaden que o obxectivo é "consolidar Sarria como un referente cultural e musical dentro do panorama galego,

ofrecendo unha proposta de lecer de calidade que dinamice a vila e proxectando unha imaxe moderna e apostando pola integración da música, a cultura e a participación local. Ademais, busca ter un impacto positivo na economía e no tecido social, promovendo a conexión entre cultura e desenvolvemento territorial". Con todo, e como o seu nome indica, o evento tamén busca poñer en valor o Camiño de Santiago e Sarria dentro deste ao ser unha das localidades máis emblemáticas desta ruta. "Poñer en valor o Camiño significa destacar non só o seu legado cultural e espiritual, senón tamén a súa capacidade de atraer visitantes e dinamizar o territorio. O festival busca conectar coa esencia do Camiño, ofrecendo unha experiencia contemporánea que une tradición e modernidade, e reforzando a identidade de Sarria como punto clave deste itinerario universal", conclúen.

PREFABRICADOS Y HIERROS TOURÓN

- Montaje de naves ganaderas en general
- Estructuras
- Cerchas y pórticos
- Cubiertas de naves en uralitas y panel sandwich
- Taller de ferralla
- Cubículos de hormigón prefabricados

NUEVO SERVICIO: PLANTA DE HORMIGÓN

Móvil: 692 946 694
629 817 933
comercial@hormigonesartai.com

Prefabricados y Hierros

TOURON, S.L.

Vilar de Sarria, 34
27614 Sarria - Lugo
Tel.:982 530 469 - Fax: 982 535 501
Móvil: 629 802 700 - 629 817 933
email: hierrostouron@gmail.com

SARRIA, unha comarca con sabor



O MIRALLOS

Comida Casera
Cocidos por encargo
Pollos camperos
caseros
(por encarga)

Mirallos 1, Paradela
RESERVAS:
TEL.: 639 010 696




**RESTAURANTE
A CARBALLEIRA
DE REBOLEIRA**
LEÑA Y CARBÓN

**MAESTROS
DE LA
PARRILLA**

Instagram icon: a.reboleira.restaurant
San Martín de Río Lancia
A Reboleira 27692
Tlf: 641 027 705



- PRODUCTOS ECOLÓGICOS, HUERTO PROPIO
- TERNERA GALLEGA SUPREMA
- ASADOS EN HORNO DE LEÑA
- ESPECIALIDAD EN CARNES A LA BRASA

RESERVAS:
Telf. 982 546 063

Facebook icon: Casa de Aira Padron





982 535 334
697 491 756
Calvo Sotelo, 124
27600 SARRIA
(Lugo)

**A Pulperia
de Luis**




RIO LOYO
Restaurante

**Mesón
Castro**



Domingo noche / lunes cerrado
Amplia terraza de verano
Comida para llevar

Reservas
Cimo de Agra, s/n - Sarria / Tel. 982 041 697





Pontenova
mesón restaurante

Amplia terraza de verano
Servicio de catering
Comida casera
Especialidad en carnes a la parrilla y caza

Tel.: 982 546 003

Instagram icon: Catering_meson_a_pontenova
Facebook icon: Meson pontenova






A Fervenza
CASA GRANDE & RESTAURANTE

Tel.: 982 15 16 10 - info@fervenza.com
Abrimos todos los días, carta elaborada con productos de proximidad
Eventos y reuniones



O II Encontro Máxico no Rural foi todo un éxito



Veciños e veciñas das parroquias de Loureiro, Chorente, Betote, Manán, Goián e Vilar de Sarria puideron desfrutar durante a fin de semana do 12 e 13 de abril da segunda edición do Encontro Máxico no Rural. O evento máxico, organizado polo Concello de Sarria e o mago sarriao Roberto Lolo, foi todo un éxito, no que recoñecidos ilusionistas como Iago Saavedra, Mago Iago, Roberto

Lolo, Sara Rodríguez e Nacho Nogueira levaron o seu espectáculo a diversos lugares do municipio. Este II Encontro Máxico no Rural reforza o compromiso do Concello de Sarria coa descentralización da cultura, garantindo que a maxia sexa accesible a todos os recunchos do municipio. Roberto Lolo mostrouse moi satisfeito con este evento e espera que haxa máis edicións.

A Louband levará a súa música a diferentes concellos en maio

A Louband de Sarria presentou as súas actuacións para o mes de maio. Así, actuarán o día 2 en Chave, o día 3 en Sarria, formando parte das actuacións da Feira Expocidades; o día 9 en Ferreira de Pantón, o día 10 en Outeiro de Rei, o 11 de maio en Foz, o 17 en Viana do Bolo e o

día 31 nun evento privado. Con estas actuacións, a banda de música amenizará os diferentes concellos coa súa música de diversos estilos musicais e co obxectivo de levar a ledicia ás rúas, onde o máis importante é que a xente "o pase a metade de ben que nós".

A Asociación Huhú organiza un curso de biopiscinas e estanques

A Asociación Cultural Huhú de Sarria, xunto con Alexandre Grande Permacultura, organizan un curso de biopiscinas e estanques nos meses de maio e xuño en Sarria. Nesta formación afondarase nos aspectos biolóxicos, técnicos, construtivos e paisaxísticos necesarios para a creación destes espazos naturais. Así, estará dividido en dous módulos e poderase asistir ao primeiro ou ao curso completo. O primeiro módulo será teórico e terá lugar o 10 e 11 de maio, no que se aprenderá sobre fundamentos, bioloxía, técnica, deseño, aspectos construtivos e xardinería acuática en estanques e biopiscinas. Mentres que o segundo, que comezará o 24 e 25 de maio e alongarase ata xuño, consistirá na realización e construción completa dunha biopiscina desde impermeabilización, instalación de compoñentes técnicos e sistemas de filtración, traballo con madeira, áridos, plantación e paisaxismo.



O curso do módulo teórico é de 80 euros e a parte práctica será gratuíta para os asistentes ao módulo 1. Para apuntarse haberá que mandar un correo ao enderezo otallerdopez@gmail.com.

A EXPOSICIÓN COBRAS. Dentro do seu compromiso pola cultura e a arte, a Asociación Huhú promoveu a visita á exposición 'COBRAS' na Sede Núcleo Difusor de Arte Contemporánea, creada polos artistas

Misha Bies Golas e Diego Vites durante a súa residencia artística nas instalacións de Viarco, en Portugal. COBRAS convidou aos visitantes a mergullarse nunha experiencia visual e creativa única, onde se exploran novos linguaxes e propostas artísticas. Ademais, a exposición tamén contou coa participación de Manuela Pereira, cunha peza de vídeo, e Vanda Madureira, que introduce un texto.

Organizan unha cea e baile para xuntar á veciñanza dos anos 60

Juan Rogelio e Manuel Permuy organizan unha xuntanza para toda a veciñanza da comarca de Sarria da xeración dos anos 60. "A intención é xuntar a todas as persoas de Sarria, Samos, Triacastela, O Incio, O Páramo, Láncara e Paradelas para volver pasar un tempo xuntos lembrando bellos e vellos momentos". A cita será o vindeiro 7 de xuño no Restaurante Cinza e Lume,

coñecido por moitos pola Sala Litmar, un espazo cheo de recordos para toda unha xeración. O evento comezará cunha cea e prolongarase nunha festa que promete traer o espírito da época da man dun DJ que pinchaba precisamente naquel entón nesta mesma sala. "Queremos recuperar ese ambiente tan noso, esa alegría de estar to-

dos xuntos", engade Rogelio. A organización agarda reunir arredor de 100 persoas, aínda que anima a toda a xente interesada a sumarse a esta celebración que pretende converterse nunha homenaxe aos bos tempos compartidos. As inscricións continúan abertas e os organizadores insisten: "Cantos máis, mellor. Será unha noite para lembrar".

C-27-000501

Centro de

logopedia

m^o del Mar Tourón

97 de setembro 15/1998

Y TÚ

¿CÓMO

HABLAS?

TRASTORNOS

• MIOFUNCIONALES

• AUDICIÓN

• LENGUAJE ORAL Y ESCRITO

• HABLA

• VOZ

NIÑOS Y ADULTOS de 0 a 99 años

Rúa Pedro Saco, 35 Entlo. 27600 Sarria

Tfno.: 669 260 537 m_martl@hotmail.com

¡OFERTA!

Sofá Chaise-longue de 3 metros. Con dos relax eléctricos y arcón.

¡TELAS A ELEGIR!

1.495€

Ven a Visitarnos, Te esperamos!

GALEGA

www.galegadormable.com

SALONES

DORMITORIOS

SOFÁS

AVANZADOS

DESCANSO

Y MUCHO MÁS...

Muebles SINDIN

VENTA DE MUEBLES EN GENERAL

PARADELA, Sarria (Lugo) - Fax: 982 541 297

Tell.: 982 541 066 - Móvil: 609 944 676

mueblescindin@gmail.com / www.mueblescindin.com

PORTOMARIN

SARRIA

PARADELA

DEPUTACIÓN

Tomé anuncia un segundo paquete de obras para 120 quilómetros de estradas

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, avanzou no Pazo de San Marcos a posta en marcha do segundo paquete de actuacións que se acometerán na rede viaria provincial cun investimento de 3,5 millóns de euros. “Neste caso serán un total de 16 proxectos que servirán para arranxar, mellorar e acondicionar máis de 120 quilómetros de estradas da nosa provincia ao seu paso por 20 concellos”, detallou Tomé Roca.

“Sabedes que temos un compromiso moi importante coa mobilidade. Non son palabras, son feitos”, valorou o mandatario provincial. Recordou que ese compromiso tradúcese en 27 millóns de euros -máis do 21%- dos Orzamentos 2025 destinados a conservar, manter e mellorar a rede viaria da provincia, “a máis extensa de toda España, temos que recordalo, con 4.217 quilómetros de lonxitude e tres veces maior que a da Xunta de Galicia na provincia de Lugo”.

Este novo investimento, que se enmarca no Plan de mellora das estradas 2025, súmase ao primeiro paquete de obras para acadar un investimento conxunto que supera os 15 millóns de euros para acondicionar 400 quilómetros de vías por todo o territorio lucense.

Destacou o presidente que dos 80 proxectos iniciais, a institución provincial xa ten en proceso de contra-

tación o 65 % das obras e que varias están en marcha. Puxo o exemplo das actuacións que está a acometer a Deputación na Avenida Infanta Elena en Lugo ou no Cinto Comarcal á altura do Corgo.

As novas actuacións serán “diversas en todas as comarcas da provincia. Traballamos como fixéramos xa no primeiro paquete, da man do equipo técnico da área de Vías e Obras da Deputación de Lugo para a análise e a diagnose das prioridades. Así establecemos novamente unha folla de ruta sobre as actuacións máis necesarias nas estradas provinciais que non ten que ver cos intereses partidistas nin persoais que si motivan a outras Administracións”.

“Dos 20 concellos polos que pasan as estradas que imos arranxar neste segundo paquete hai 10 gobernados polo PP”, apuntou José Tomé. E puxo algún exemplo das actuacións previstas pola Deputación:

Na Mariña, a Deputación mellorará seis estradas, nos concellos de Lourenzá, Mondoñedo, Riotorto, Trabada e O Vicedo. Neste último municipio a institución provincial actuará na LU-P-6401 e na LU-P-6402, que conectan entre si e que comunican no Vicedo varias parroquias como Suegos, Falcóira -no límite provincial coa Coruña- e o Cristo de Portapena.

As comunicacións da Montaña mellorarán con catro novas actuacións



da Deputación nas estadas provinciais ao seu paso polos concellos de Ribeira de Piquín, Pedrafita do Cebreiro, Navia de Suarna ou Castroverde.

En Pedrafita, o presidente anunciou que a institución provincial investirá preto de 400.000 euros nun novo tramo da LU-P-1301 que conecta con Seoane do Courel polas parroquias de Hospital e Vilela. “Unha vía vital para as comunicacións da Montaña e na que levamos investido máis de 1M€ para o seu ensanche, drenaxe e mellora do firme en diferentes tramos”.

Na Terra Chá a Deputación mellorará estradas en Guitiriz e Castro de Rei. En Castro de Rei acondicionará a LU-P-1107, que é a estrada que conecta con Rábade desde a autonómica LU-115 á N-VI e que dá servizo a recursos importantes para a provincia como a Casa das Ínsuas.

“Tamén seguiremos mellorando o

Cinto Comarcal á altura do Corgo, como sabedes esta é unha vía moi extensa, con 131 quilómetros. Xa no paquete anterior reserváramos cinco proxectos á altura do Corgo, Castro de Rei, Castroverde e Begonte, varios deles xa en marcha”, explicou o presidente, que avanzou que grazas a este segundo paquete a Deputación investirá outros 150.000 euros para mellorar outro quilómetro e medio desta vía vital para as comunicacións da provincia.

Na Ribeira Sacra a Deputación acondicionará con cargo a este segundo paquete do Plan de mellora das estradas 2025, vías ao seu paso pola Pobra do Brollón e Sober. Puxo o presidente como exemplo a LU-P-5903, “melloraremos máis de seis quilómetros da estrada que une Sober e Doade, unha vía importante para a comarca e para toda a provincia que dá servizo a veciños, turistas e bodegas”.

Triplicarán as axudas ás asociacións das Reservas da Biosfera

A Deputación de Lugo triplicará este ano as axudas destinadas ao tecido asociativo das Reservas da Biosfera Terras de Miño e Os Ancares Lucenses. Concretamente, achegará un total de 340.000 euros ás entidades e colectivos sen ánimo de lucro que traballan nestes territorios a través de diferentes convocatorias.

A entidade provincial sacou unha nova convocatoria de axudas para financiar investimentos e outra para actividades.

Serán 150.000 euros para investimentos que promovan a posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico destes territorios. Concretamente, serán 100.000 euros para repartir en proxectos que se enmarquen na Reserva da Biosfera Terras do Miño e outros 50.000 euros para iniciativas que teñan que ver coa Reserva dos Ancares. Os solicitantes poderán recibir unha contía de entre 2.000 a 12.000 euros.

Ademais, refórzase economicamente a liña de axudas destinada a financiar as actividades impulsadas por estas entidades.

Este ano incrementase esta liña de axudas para as dúas Reservas nun 72 %, ata os 190.000 euros. Concretamente, serán 120.000 euros a repartir entre os colectivos que propoñan actividades para que se desenvolvan na Reserva da Biosfera Terras do Miño; e outros 70.000 euros para actividades que teñan lugar na Reserva da Biosfera dos Ancares Lucenses.

Lanzada unha aplicación gratuita de emprego

A Deputación lanza a APP móbil gratuita DeputaciónLugo Emprego, co obxectivo de facilitar o contacto entre persoas que buscan traballo e empresas que precisan incorporar persoal na provincia. A ferramenta está xa dispoñible e supón un avance na modernización dos servizos públicos de intermedación laboral que a institución ofrece a través da súa Axencia de Colocación.

A APP permite aos demandantes de emprego xestionar os seus perfís profesionais de forma áxil e acceder de maneira inmediata ás ofertas de traballo publicadas pola Axencia de Colocación. Ao mesmo tempo, esta ferramenta axuda ás empresas a axilizar a publicación das súas ofertas e mellorar os pro-

cesos de selección, adaptándoos mellor ás súas necesidades para atopar o persoal máis adecuado. Esta aplicación tamén responde a dous dos grandes retos do mercado laboral: o desemprego e a falta de persoal cualificado nas empresas. Permite ás persoas atopar traballo en Lugo e facilita que as empresas cubran as súas vacantes con candidatos calificados, favorecendo a fixación de poboación no territorio. A APP xa está dispoñible para a súa descarga gratuita tanto para iOS como para Android. As persoas que buscan traballo poden rexistrarse facilmente, subir o seu CV e configurar o seu perfil profesional, recibindo alertas personalizadas.

O Pleno demanda apoio para os afectados polos aranceis de Trump

O Pleno sacou tamén adiante unha moción do PSdeG para pedirle á Xunta de Galicia que poña en marcha un plan de medidas de apoio para os sectores máis afectados pola política arancelaria de Estados Unidos que inclúa a mobilización de fondos e a apertura de novos mercados. O texto saíu adiante cos votos a favor dos socialistas e do BNG e os votos negativos do PP. Tomé Roca explicou antes do Pleno que “diante dunha situación para algúns sectores galegos que van ter dificultades, a Xunta non moveu ficha”, que o Estado puxo xa financiamento encima da mesa e que outros gobernos autonómicos tamén están actuando.

A Voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, defendeu que esta iniciativa axudaría a paliar os efectos

dos sectores que se están a ver afectados, como o vinícola, agrogandeiro e industrial. Neste sentido Pleno deu luz verde a un texto que reclama á Xunta que deseñe un plan de medidas de apoio para os sectores afectados pola política de aranceis de Estados Unidos.

Ademais, o Pleno acordou por unanimidade a adhesión á rede de entidades locais Gandeiro-cárnica, impulsada pola Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), que permitirá á institución provincial reforzar a colaboración con outras entidades para impulsar iniciativas conxuntas coa finalidade de fortalecer o sector. O Goberno levou a Pleno esta proposta tendo en conta o papel “vital” da actividade gandeira e cárnica no desenvolvemento eco-

nómico, social e ambiental.

O grupo provincial do BNG denunciou “unha estafa en toda regra” da Xunta en relación coa redución das ratios das aulas, tras coñecerse unha instrución da Consellería de Educación para eludir o compromiso que o propio goberno do Partido Popular anunciou hai ano e medio como “histórico” para reducir o número de alumnas e alumnos por clase a 20 alumnxs, comezando por infantil. O pleno tamén aprobou, a iniciativa do BNG e cos votos do goberno provincial, unha proposta de apoio á mobilización convocada pola Plataforma Queremos Galego para o vindeiro día 17 de maio de 2025 en Santiago de Compostela baixo o chamamento “Lingua viva xa! Paremos a emerxencia lingüística!”

COMARCA

A provincia de Lugo sufriu as consecuencias do gran Apagón



O pasado luns 28 de abril, ás 12:30 horas, produciuse un apagamento eléctrico xeral que afectou amplamente a España, Portugal, e de maneira puntual tamén a Andorra e ao sur de Francia. Este corte masivo, que xa se coñece como un apagón histórico, foi o primeiro deste alcance na era dixital, e tivo un forte impacto tanto no subministro eléctrico como nas comunicacións telefónicas. En Galicia, o fenómeno afectou de forma desigual segundo o territorio. A reposición da luz comezou xa na tarde do luns en zonas das provincias de Lugo e Ourense, avanzando progresivamente durante a noite e a madrugada. Na comarca de Sarria, tanto a vila como nos concellos limítrofes, sufriron cortes eléctricos e de cobertura móbil durante boa parte da xornada do luns. A recuperación do servizo eléctrico foi chegando de xeito gradual, pero os problemas de comunicación continuaron mesmo durante a mañá do martes 29 de abril, con liñas de teléfono que só funcionaban a través de conexións wifi e servizos de emerxencia con dificultade para operar.

RESPOSTA DAS AUTORIDADES. O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, indicou que o Cecopi decidiu suspender toda a actividade lectiva e deportiva federada para o martes 29 de abril, incluíndo centros educativos, escolas infantís e centros de día. Ademais, e por prudencia, Rueda anunciou que Galicia solicitaba ao Goberno central a activación do nivel 3 de emerxencia, tamén denominado emerxencia nacional, co que o Executivo estatal pasaría a ter o control da situación na comunidade galega.

O presidente do Goberno, Pedro Sánchez, compareceu arredor das 18.00 horas para informar sobre a situación. Explicou que o corte estivo relacionado cunha “oscilación moi forte nos fluxos de potencia nas redes”, o que provocou a desconexión do sistema eléctrico español do europeo. Xa preto das 23.00 horas, tras a terceira reunión extraordinaria do Consello de Seguridade Nacional, o presidente volveu aparecer para confirmar que, ás 12.33 horas do día 28 desapareceron 15 gigavattios en cuestión de segundos, o que supón o 60 % de todo o subministro que consumía España nese momento. Porén, reiterou que as causas desta desaparición seguen a ser descoñecidas. Dende os servizos de emerxencia, recomendouse utilizar o 112 en caso de necesidade, aínda que o control de incidencias foi complexo debido á propia afectación das liñas de comunicación.

RESTABLECEMENTO DO SERVIZO. Ás 07:00 horas da mañá do martes, segundo Red Eléctrica e o Ministerio para a Transición Ecolóxica, xa se recuperara o 99,95 % da demanda enerxética da Península, con todas as subestacións da rede de transporte operativas. En Galicia, o subministro eléctrico comezou a restablecerse en puntos de Ourense e Lugo na tarde do luns. As provincias da Coruña e Pontevedra foron as últimas en comezar a recuperarse. A cidade de Lugo e a maior parte das capitalidades dos concellos contaban xa con subministro desde a tarde do luns. En xeral, foron poucos os incidentes rexistrados durante o apagamento en toda a comunidade.

José Tomé, reelixido como secretario xeral do PSOE provincial

O alcalde de Monforte de Lemos e presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, foi reelixido como Secretario Xeral do PSdeG-PSOE na provincia de Lugo, tras recibir o apoio maioritario da militancia nas eleccións primarias celebradas esta fin de semana. Tomé logrou 801 votos fronte aos 585 obtidos por Iván Castro, deputado Provincial e voceiro en Paradelá. A participación no proceso foi do 75%, cun total de 1394 votos emitidos sobre un censo de 1862 militantes. José Tomé trasladou o seu agradecemento “a todas as compañeiras e compañeiros que decidiron participar con liberdade, ilusión e responsabilidade nun momento importante para a nosa organización, e que elixiron a miña opción”. Asegurou que esta reelección supón “un novo impulso para seguir traballando con forza, con humildade e cun compromiso profundo co noso partido e con todos os lucenses”. Ao tempo, que



estou convencido que co apoio da provincia de Lugo que conta dende agora mesmo para que sexamos unha alternativa real nas próximas eleccións autonómicas. O que temos que ter claro é que o noso adversario é o Partido Popular”. Subliñou que a súa candidatura representa unha continuidade ne-

pañeiro Iván Castro, agradecendo a súa participación no proceso. Pola súa parte, Iván Castro, felicitou a José Tomé pola súa vitoria e amosouse contento polos resultados obtidos e afirmou sentirse “respaldado polo partido”. “O proceso vai reforzar o partido socialista e a militancia pronunciouse, cremos que vamos saír reforzados e, dende logo, traballaremos no proxecto socialista”. “Con esta reelección, o PSdeG-PSOE da provincia de Lugo inicia unha nova etapa centrada en reforzar o papel das agrupacións locais, ampliar a presenza territorial do partido e seguir sendo útil á sociedade lucense dende o compromiso co público e coa igualdade de oportunidades”, concluíu.

NOVA EXECUTIVA. “Imos elixir unha nova Executiva que sexa representativa, paritaria e que sexan os mellores e as mellores para dirixir esta nova etapa do Partido Socialista na provincia”, afirmou ante os medios coa vista posta no Congreso do 10 maio. Unha vez finalizado o proceso de primarias, o vindeiro 10 de maio celebrarase o 5º Congreso Provincial Ordinario, no que a militancia votará a composición completa da nova Comisión Executiva Provincial.



tamén tivo un agradecemento especial cara o equipo que organizou o proceso. Nas súas primeiras palabras, evidenciou que este domingo foi “un día de democracia interna no PSdeG, onde os nosos militantes puideron expresar o que opinan sobre os próximos anos do partido, unha festa expresada nas urnas e, polo tanto, é a mellor maneira de elixir aos nosos compañeiros e compañeiras encargadas de dirixir o partido nos próximos anos”. O líder provincial reafirmou a súa intención de consolidar os gobernos municipais socialistas, recuperar espazos perdidos, gañar novos concellos e seguir mantendo o goberno da Deputación de Lugo. “Gobernamos nas vilas máis grandes, a máis da metade da poboación, como Monforte, Lugo ou Vilalba”, detallou, ao tempo que avanzou que isto contribuirá á construción dun PSdeG en Galicia con José Ramón Gómez Besteiro á cabeza que sexa “ máis forte, e que

cesaria, pero tamén “renovación, impulso e apertura a novas ideas. Estes anos demostramos que se pode gobernar desde a estabilidade, con rigor e con vocación de servizo público, e a militancia volve dicir que ese é o camiño”, engadiu. Tomé tamén tivo palabras de respecto e recoñecemento para o seu com-



Rúa Matías López, 126
27600 - SARRIA (Lugo)
Tel. / Fax: 982 530 707
Móvil: 669 199 533
vazquezautos@hotmail.com

"O máis importante é axudar ao peregrino nas súas necesidades"

Falamos con Elvira Vila, presidenta da Asociación Amigos do Camiño de Santiago na comarca de Sarria e coas súas fillas, Raquel e Alba

Jessica Fernández

A Asociación de Amigos do Camiño de Santiago na Comarca de Sarria leva desde 2008 traballando de maneira altruísta para orientar, apoiar e acompañar aos miles de peregrinos que cada ano escollen Sarria como punto de partida no seu camiño a Compostela. A súa historia é tamén a historia dunha vila que vive ao ritmo do Camiño. Por iniciativa dun pequeno grupo de amigos e unha conversa informal, en 2007 xermolou a idea de crear un apoio estruturado para os peregrinos que pasaban por Sarria. "Démonos conta de que aquí non había ningunha asociación nin ningunha organización dedicada a axudar ao peregrino, a orientalo, a atendelo nas súas necesidades", lembra Elvira Vila, presidenta da asociación. Nun lugar tan estratéxico como Sarria, epicentro do Camiño Francés, a falta de información específica sobre albergues, normas ou servizos resultaba preocupante. A solución foi dar forma á Asociación de Amigos do Camiño de Santiago da Comarca de Sarria, que quedaría formalmente constituída e rexistrada na Xunta en 2008. Sen fondos iniciais e baseándose unicamente no voluntarismo, comezaron a botar as primeiras raíces dunha organización que hoxe é fundamental para o funcionamento diario do Camiño na comarca. Desde aquela, a evolución foi notable. "O Camiño de Santia-

go aumentou e están continuamente abríndose albergues. Algúns tamén pechan, pero a maioría ábrese", apuntan. O fenómeno peregrino sufriu distintas etapas: medrou coa crise da burbulla inmobiliaria, viviu unha explosión tras a pandemia, e segue a ser un motor económico vital. Hoxe, a asociación é testemuña directa desta realidade cambiante. Cada día recollen e xestionan información da ocupación dos albergues a través de grupos de WhatsApp, creando unha rede de apoio en tempo real para os peregrinos que chegan sen reserva. "Se beneficias ao peregrino, tamén beneficias ao albergue, aos comerciantes, ás persoas que viven do Camiño", explican.

O LEGADO DE JORGE LÓPEZ.

A nova directiva da Asociación mantén intacto o legado de Jorge López, figura clave que impulsou a entidade durante anos. "Faremos o mesmo traballo, enfocados en axudar ao peregrino e aos albergues asociados", aseguran. Aínda que durante a etapa de López algúns voluntarios colaboraban puntualmente, agora tócalles vivir en primeira persoa a inmensa carga de traballo que implica orientar rutas, resolver dúbidas, buscar aloxamentos e, en definitiva, actuar como unha verdadeira oficina de atención, sen ser unha axencia e de maneira gratuíta. "Jorge facía un traballo de plena dedicación, era vocación pura. Grazas a el,

a asociación é hoxe unha referencia", recoñecen. Algunhas persoas, mesmo agora, seguen achegándose ou facendo doazóns en recordo á súa figura. Ademais, o espírito do Camiño vai máis alá das fronteiras. A asociación mantén os lazos activos con Xapón e Chile que se crearon durante a etapa de López. "Os de Xapón estiveron aquí en marzo porque veñen cada ano; e en 2019 fomos nós alá, visitamos o Camiño de Shikoku e puxéronnos un marco xaponés fronte á sede en honor a Jorge", contan. Tamén existe unha relación especial con Chile, onde Jorge foi nomeado socio de honra do Círculo Chileno no 2023. Ademais, o soño de estender a irmandade tamén chega a Alemaña grazas a Norman Sinclair, un peregrino apaixonado polo mundo das flores que, entre 2010 e 2014, percorreu diferentes rutas compostelás e decidiu deixar a súa pegada floral en Sarria e arredores. A través do proxecto da "Rosa Peregrina", plantou flores en puntos emblemáticos como Samos, Triacastela ou O Cebreiro, homenaxeando tamén a figuras clave como Elías Valiña. Por outra banda, desde a Asociación de Amigos do Camiño de Santiago na Comarca de Sarria, explican que o perfil do peregrino que chega a Sarria é variado. Ademais de españois de toda a península, destacan os xaponeses, os coreanos, os chilenos e en xeral xente de toda América



do Sur. Os alemáns tamén forman un grupo importante, confirmando que o Camiño de Santiago é unha experiencia global.

O PRESENTE E FUTURO. Desde a Asociación de Amigos do Camiño de Santiago da Comarca de Sarria teñen claro que o Camiño de Santiago é moito máis que unha simple ruta de sendeirismo. Para elas, o esencial é preservar o espírito da peregrinación, que culmina coa chegada a Compostela. "Non ten sentido facer o Camiño sen chegar a Santiago", subliñan, defendendo a importancia de que o percorrido sexa unha experiencia completa, non só un traxecto de 100 quilómetros para obter a Compostela. Sarria, como principal punto de partida para milleiros de peregrinos, xoga un papel crucial nesta experiencia. Apostar pola ruta desde Sarria non é só un beneficio para os propios camiñantes, senón tamén para a comarca, que atopou no Camiño un motor económico que dinamiza aldeas e vilas que, doutro xeito, correrían o risco de desaparecer. "Hai lugares que, sen o Camiño, morrerían", recordan, facendo fincapé na importancia vital de seguir apoiando a infraestrutura, os albergues e os servizos que fan posible esta aventura única.

A pesar da súa importancia, a Asociación enfróntase a importantes retos de financiamento. Actualmente, só contan cunha subvención da Deputación de Lugo para contratar unha persoa a media xornada durante tres meses de verán, e coa cesión dun local por parte do Concello. "Da Xunta de Galicia, que é a entidade que protexe o Camiño, non temos ningunha axuda", denuncian. Este apoio insuficiente contrasta coa carga de traballo que asumen. "As asociacións estamos facendo o traballo dunha oficina de turismo sobre o Camiño", lamentan. Ademais, a sinalización, as 96 frechas do Camiño en Sarria, atópase deteriorada, e Jorge López incluso chegou a plantexarse pagalo do seu peto. "Cando é Xacobeo todo é atención, pero o resto do tempo esquecense de nós", critican. Tamén reclaman melloras no transporte, tanto ferroviario como de autobuses, para atender a demanda real dos peregrinos. A Asociación de Amigos do Camiño de Santiago na Comarca de Sarria continúa adiante cunha misión clara: axudar aos peregrinos, impulsar a vida local e manter vivo o espírito do Camiño.

maderasgrandas

MADERAS Y DERIVADOS

PUERTAS

ARMARIOS

COCINAS Y COMPLEMENTOS

TABLEROS Y TARIMAS

San Julián de la Vega s/n, 27614 SARRIA (Lugo)

Tel. 982 533 505 - Fax 982 531 731

www.maderasgrandas.com | info@maderasgrandas.com

RESTAURANTE

A

CARBALLEIRA

DE REBOLEIRA

LEÑA Y CARBÓN

MAESTROS DE LA PARRILLA

Bienvenidos A Reboleira

donde cada corte es un espectáculo,

cada aroma irresistible y

cada bocado inolvidable.

¡A disfrutar!

San Martín de Río Lancara - A Reboleira 27692. Tlf. 641 027 705

[a.reboleira.restaurante](https://www.instagram.com/a.reboleira.restaurante)

LETRAS GALEGAS 2025

Cantareiras

O Día das Letras Galegas de 2025 está dedicado ás mulleres que contribuíron á lírica popular cun número elevado de cantigas, melodías e letras

As mulleres elixidas para representar as cantareiras son unha mostra representativa daquelas transmisoras

O Día das Letras Galegas 2025, que se celebra o vindeiro 17 de maio, estará dedicado á poesía popular oral, segundo decidiu a entidade promotora desta efeméride, A Real Academia Galega. Así, este ano as Letras Galegas terán o obxectivo honrar a aquelas mulleres que dedican a súa vida a poñer en valor a música tradicional galega, empregando a súa voz e as pandeiretas como principais acompañamentos musicais. O fonsagradino Antón Santamarina, que é académico numerario da Real Academia Galega, explicou no portal académico que “cando presentamos esta candidatura para dedicarlle un Día das Letras Galegas á lírica popular, sabíamos que había por toda Galicia, e mesmo fóra, moitas candidatas posibles, pero reducimos o número a seis mulleres que representasen a todas cantas mulleres cumpriron un papel parecido, moitas con nomes coñecidos e outras anónimas. Todos os etnógrafos salientaron que as mulleres foron as principais transmisoras da lírica popular,

pero non podemos esquecer que o fenómeno non é exclusivo delas e que nos cancioneros tamén hai con frecuencia informantes homes. Todos eles, mulleres e homes, estean na nómina dos lembrados como dos omitidos (non esquecidos), serán protagonistas festexados nesta celebración”, explicou. Así, o Día das Letras Galegas 2025, dedicado á poesía popular oral, está personificado en Adolfinia e Rosa Casás Rama, de Cerceda, Eva Castiñeira Santos, de Muxía, e Manuela Lema, Teresa García Prieto e Prudencia e Asunción Garrido Ameixenda, integrantes estas catro das Pandeireteiras de Mens (Malpica). É unha representación colectiva, como xa se fixo na elección dos trobadores da ría de Vigo en 1998, cos que se rendeu

homenaxe á poesía medieval. A académica Ana Boullón, sostivo que “un dos factores que dificultou a elección concreta das personaxes que ían encarnar esta candidatura non foi o seu número, senón o carácter anónimo propio da transmisión popular. As mulleres non eran coñecidas fóra dos límites das súas aldeas; os grupos que se constituían nin adoitaban recibir nome nin se axustaban a formatos fixos; non buscaban gabanzas máis alá da súa contorna. Enténdase, pois, que non están todas as que son, senón que se buscou unha mostra representativa destas figuras que coidaron, arriqueceron e transmitiron esta tradición centenaria”, contextualiza a académica. A RAG recoñece ademais o labor das asociacións culturais que desenvolveron un labor fundamental, non só co traballo de campo de recollida de letras e música, senón tamén coa súas clases de canto, música e baile. “Así, foise espallando entre a xente nova ese tesouro con tan pouca visibilidade social antano e que aínda hoxe require de maior protección institucional como parte do noso patrimonio inmaterial”, enfatiza Ana Boullón, que cita, entre outras, propostas contemporáneas que van desde as levadas ao escenario por Mercedes Peón, Leilía ou Xabier Díaz ata as de Antía e Ameixeiras ou Fillas de Cassandra. “A tradición vólvese vangarda. O folclore, conxunto de tradicións, costumes e manifestacións artísticas dun pobo, non debe ser contemplado de forma arqueolóxica, senón que na súa propia esencia está a evolucionar e cambiar, é zume que nutre novas

formas de expresión”, conclúe Ana Boullón. **UNHA SERIE DOCUMENTAL.** Co obxectivo de recoñecer a importancia da poesía popular oral, a Real Academia Galega estreou a serie documental ‘Se canto é porque quero’. Esta proposta recolle testemuños e experiencias que relatan o mundo das cantareiras e da poesía oral a través de tres capítulos baseados en Rosa e Adolfinia Casás Rama, veciñas de Cerceda; as Pandeireteiras de Mens, de Malpica de Bergantiños; e Eva Castiñeira, de Muxía. Ademais, aparecen na produción tamén Mercedes Peón, Fuxan os Ventos, Felisa Segade e as rapazas do Regueifa Tour. A produción audiovisual afonda nas ideas centrais destas Letras Galegas, nas que a RAG quere reivindicar “a fala do pobo que mantivo vivo o galego ao longo dos séculos, a enorme creatividade da poesía feita anonimamente e a súa vixencia”, salienta o presidente da Academia, Henrique Monteagudo. “Quixemos resaltar a forza viva da tradición dun pobo que segue a cantar porque quere, como di a copla que lle dá título á serie. Como a mocidade está a abrírlle novos camiños con grande éxito”, prosegue. “A natureza colectiva desta festa é outro dos seus esteos”, sinala a secretaria da Academia e promotora da candidatura, Ana Boullón. “Por iso, animamos a que cada vila, cada aldea lembre este 17 de maio as súas propias cantadoras, e que lles dea igualmente voz aos netos e netas que fan seu con orgullo este legado, como reflicte tamén a





serie”, engade.

A serie arranca na Vila da Igrexa, rememorando o encontro entre Schubarth e Rosa e Adolfin Casás Rama. Relátan na propia aldea das homenaxeadas Richi Casás, neto e sobriño neto de ambas as cantareiras.

“No primeiro episodio, Rosa e Adolfin. ‘As recollidas onte e hoxe’, quixemos insistir na importancia de documentar e recoller as coplas e as músicas populares, e mais a necesaria complicidade entre as persoas informantes e quen realiza estes traballos”, explica Alba López Álvarez. É un traballo que iniciou Sarmiento hai trescentos anos e que ten a súa biblia no Cancioneiro de Schubarth e Santamarina, realizado entre finais dos anos 70 e principios dos 80 do século pasado. Pero Se canto é porque quero recorda tamén o labor xeneroso de moitas outras persoas que percorreron o país, de rueiro en rueiro, rexistrando a memoria de milleiros de versos. O segundo capítulo, ‘As pandeireiras de Mens. Da aldea á cidade’, conta cos testemuños de Isabel García Quintela e Manel Fernández Pensado, presidenta e presidente de honra da Agrupación Folclórica Aturuxo da Coruña, da que formaron parte as cantareiras de Malpica de Bergantiños. A narración prosegue coas intervencións das cantareiras da Asociación Cultural Raigañas de Cerqueda (Malpica de Bergantiños), que lembran o papel das agrupacións nas vilas e aldeas onde se recuperaron os cantos e os bailes; e máis Carme e Uxía da Pontragha, que tras aprender das súas maiores en Tordoia hoxe son mestras de canto e pandeireta nun ambiente urbano. Tamén intervén nesta segunda entrega a cantadora e tocadora Antía Vázquez,

membro de Alana, que explica de modo didáctico a estrutura dunha cantiga.

No terceiro episodio, ‘Eva Castiñeira. A necesidade de perdurar’, Martín Mondragón (Mondra) e Sabela Caamaño e Antía Ameixeiras (Caamaño&Ameixeiras) manteñen un encontro co alumnado do CEIP Os Muíños para lle aprender a crear novas coplas e músicas partindo da tradición. Tereixa Novo, Carmen Vázquez e Pedro Lucas, de Fuxan os Ventos, e Felisa Segade, de Leilía, lembran pola súa parte as achegas de ambas as formacións á recuperación das letras e da música popular nun episodio que remata ollando ao futuro coas regueifeiras adolescentes do Regueifa Tour.

A PALABRA DO ANO 2024.

Ademais de dedicar o Día das Letras Galegas ás cantareiras, a palabra ‘Cantareira’ foi a escollida como Palabra do Ano 2024. Cantareira, con 25 por cento dos votos, foi a palabra que obtivo máis apoios das persoas participantes nunha elección na que o público se decantou maioritariamente polas opcións patrimoniais. Na primeira acepción do dicionario da RAG, cantareiro, -a define a persoa que sabe cantar ou afeccionada a facelo e ten como sinónimos cantadeiro, -a, cantador, -a e cantaxeiro, -a. Como adxectivo, esta voz ten unha segunda acepción similar, “que emite un son agradable e melodioso”, pero a Palabra do Ano 2024 refírese á forma substantivada cantareira, que se aplica á muller que canta cantigas populares. O termo créase en todos os casos sobre o verbo cantar, que procede do equivalente latino ‘cantare’.

A Palabra do Ano escóllese a través do Portal das Palabras, un proxecto

da RAG e a Fundación Barrié para a modernización do traballo lexicográfico e a divulgación da lingua galega que cada semana ofrece xogos e outros contidos divulgativos que conectan o léxico galego coa realidade cotiá e a actualidade dun xeito ameno. Dende 2014, o Portal das Palabras convida ademais a todas as persoas que o desexen a participar na escolla da Palabra do Ano. A última incorporación non é a primeira que alude á forza das coplas e da música popular galega. No ano 2021 a voz elixida foi tanxugueiras, o topónimo que lle dá nome ao grupo formado por Olaia Maneiro, Aida Tarrío e Sabela Maneiro, un referente dos novos camiños que está a abrir con grande éxito a nosa música tradicional. As demais palabras do ano son ata o momento cibercarracho (2023) comadre (2022), nós (2020), sentidiño (2019), deseucaliptización (2018), afouteza (2017), irmandade (2016) —coincidindo co centenario das Irmandades da Fala—, refuxiado, -a (2015) e corrupción (2014).

Víctor F. Freixanes, expresidente da RAG, sostén que “as cantareiras representan ese pulo

vital, esa enerxía histórica que fixo que a lingua galega puidese pasar de xeración en xeración, de nais a fillas, de avoas a netas. A súa transmisión oral tamén é literatura. As letras, a lingua, son algo que ferve na sociedade, que levamos dentro, que transmitimos construíndo o futuro a partir desa memoria. Cada vez que falamos galego cos nosos netos e netas estamos transmitindo a ilusión de construír país entre todos, porque a lingua é algo que nos une, é o cemento que nos une”, concluíu.

En Lugo, a Tenencia de Alcaldía do Concello organiza cada ano un acto para homenaxear este recoñecemento á Palabra do Ano e para engadir a palabra ‘Cantareira’ ao Paseo das Palabras do Ano de Lugo, situado na rúa Mallorca. Así o destacaba Rubén Arroxó, tenente de alcalde de Lugo: “Cada ano realizamos esta intervención artística que xa converteu a rúa Mallorca nun atractivo turístico máis de Lugo”, explicou Arroxó, quen tamén subliñou o valor desta iniciativa para poñer en valor a lingua galega.

E, pola súa parte, Víctor Freixanes, que tamén participou no acto, xunto con Diego Rodríguez, académico e bibliotecario da Fundación Barrié, afirmou que a palabra ‘Cantareiras’ representa “a enerxía do pobo que fixo que a lingua galega puidese pasar de xeración en xeración a través desa tradición de transmisión oral”.



CERTAME DA TRADESCOLA

A Tradescola, en colaboración coa Área de Cultura da Deputación de Lugo, pon en marcha o XII certame de debuxo O baile e os Instrumentos da Música Tradicional Galega - As Cantareiras e a tradición oral.

Esta iniciativa está dirixida a todos os escolares de 1º, 2º e 3º de primaria dos centros de ensino da provincia. A finalidade do certame de debuxo é potenciar e difundir entre os máis pequenos a nosa música e a cultura tradicional galega, incidindo nesta ocasión na tradición oral, nas cantareiras homenaxeadas no día das Letras Galegas 25. “En definitiva, axudar a que coñezan os nosos instrumentos, a nosa historia e costumes dun xeito natural dende os primeiros anos, fomentando actitudes de respecto e valoración da mesma”.

Os debuxos e os dorsos dos debuxos deberanse enviar (escaneados ou fotografados) por correo electrónico á Tradescola (tradescola@gaiteirosgalegos.gal) ata o 16 de maio de 2024.

O xurado do certame estará composto por membros do profesorado da Tradescola, que seleccionarán un total de 10 debuxos finalistas que serán premiados cun lote de material didáctico.

Dos 10 debuxos finalistas, seleccionárase un gañador, que recibirá un premio consistente na matrícula de balde nunha materia na Tradescola no curso 2025/2026. O centro educativo ao que pertenza o gañador terá tamén un agasallo a maiores, consistente nun concerto didáctico de música tradicional a cargo da Tradescola.

o páramo

O municipio acolle a nova edición do paseo guiado 'Descubriendo O Páramo'



O Concello do Páramo presenta a nova edición do paseo guiado 'Descubriendo O Páramo', que terá lugar o sábado 10 de maio nas fermosas terras paramesas. Tralo éxito rotundo da actividade organizada co GDR e Guido Álvarez Parga o ano pasado, na que participaron máis de 170 persoas de toda Galicia, o Concello do Páramo decidiu continuar cunha iniciativa e ofrecer unha nova edición para esta primavera.

O encontro será ás 11:00 horas no propio Concello, situado ao lado do Campo da Feira, e terá unha duración de tres horas. Ao finalizar a camiñada, os e as asistentes poderán desfrutar da tradicional feira que se celebra no municipio os días 10 e 25 de cada mes. Esta xornada ofrecerá unha excelente oportunidade para coñecer o entorno natural e cultural do Páramo, ao mesmo tempo que se goza da vibrante feira local.

O Páramo celebrará a súa tradicional Festa dos Avós

Neste mes de maio, o Concello do Páramo adianta que celebrarán, un ano máis, a Festa dos Avós nunha data que aínda non está concretada. Así, os máis maiores do municipio paramés serán homeanaxeados cun acto que consistirá nunha misa no campo da feira e unha co-

mida de confraternidade que se celebrará no pavillón municipal, onde arredor de 300 persoas desfrutarán da compañía dos seus veciños e veciñas, así como participarán diversas personalidades do Concello do Páramo, que os acompañarán nesta cita de lembranzas.



A Xunta vén de aprobar o Plan Básico Municipal de Samos

A Xunta vén de aprobar, de forma inicial, o Plan Básico Municipal (PMB) de Samos para dotar o municipio lucense dun instrumento eficaz de ordenación do territorio que permitirá ao municipio ofrecer capacidade de acollida residencial e económica. O documento someterase a información pública durante dous meses e solicitaranse todos os informes sectoriais preceptivos previos para a súa aprobación definitiva.

Na Consellería e no Concello trabállase nun cronograma de máxima coordinación e axilización que permita acadar a aprobación definitiva do PBM no próximo ano 2026.

O Plan para este concello, que conta cunha poboación de 1.210 habitantes, clasifica un ámbito de solo urbano consolidado.

En canto a núcleos rurais, delimita 77 nun total de 24 parroquias, dos que 76 son tradicionais (18 deles de tipo polinuclear) e un combina partes tra-



dicionais e comúns (polinuclear).

Dentro destes 77 núcleos atópase o núcleo 1805-NRP Vigo do Real que resulta de declarar subsistente a delimitación física e a parcela mínima da Delimitación de solo de núcleo rural de Vigo do Real, na parroquia de Santiago de Renche, que conta con aprobación definitiva.

O documento recolle tamén todas as categorías de solo rústico resultantes da aplicación das lexislacións sectoriais con incidencia sobre Samos, tendo en conta as afeccións sectoriais delimitadas no PBA, e as consideracións establecidas nos informes e consultas sectoriais recibidos.

O PP critica a xestión e o Goberno local di que falta á verdade

O voceiro do Partido Popular en Samos, Miguel Gallego, criticou ao Goberno local pola existencia de facturas do exercicio anterior sen pagar por un importe que, segundo asegura, ascende aos 60.000 euros.

“Desde a oposición non entendemos en que se gasta o diñeiro. As poucas obras que se fan veñen subvencionadas, os servizos sociais son pésimos, a maquinaria está parada e nin sequera se pagan facturas de 6,50 euros”, afirmou.

Pola súa banda, o Goberno local rexeita de maneira categórica as acusacións e asegura que non

existen facturas impagadas, senón que algunhas se contabilizarán no exercicio 2025 por chegar fóra do prazo de peche contable de 2024. “Todo iso é mentira. Está pagado. Pero se as facturas chegan fóra do ano, contabilízanse no seguinte. É un procedemento contable que se segue en todos os concellos e alleo ao equipo de goberno”.

En relación á denuncia sobre a suposta falta de transparencia nos acordos da xunta de goberno, o executivo municipal asegura que “é totalmente falso” que se estean ocultando documentos. “Hai acordos deste ano que xa ten a

oposición. O noso traballo remata cando se aproban e se envían desde Secretaría. É ofensivo para os traballadores do Concello dicir o contrario”, defenden, subliñando que os funcionarios están a cumprir coa súa labor.

Respecto ás críticas sobre o uso da maquinaria municipal, desde o Goberno local argumentan que se actúa con criterios de necesidade: “Non sacamos a máquina quitaneves cando non hai neve, nin desbrozamos cando non toca. Ninguén empeza a desbrozar antes de maio. Agora estamos traballando cando e onde fai falta”.

Lóuzara renderá homenaxe ao poeta Fiz Vergara cunha placa na súa casa

O vindeiro 10 de maio, a parroquia de Lóuzara converterase nun espazo de memoria e recoñecemento ao poeta Fiz Vergara Vilariño, figura destacada da literatura galega contemporánea. O Concello de Samos organiza un acto simbólico no que se descubrirá unha placa conmemorativa na casa natal do autor, como for-

ma de perpetuar a súa pegada no territorio que o viu nacer. A homenaxe, aberta a toda a veciñanza e público en xeral, celebrarase ás 13:00 horas e busca poñer en valor a obra e a traxectoria de Fiz Vergara, cuxo compromiso coa lingua e a cultura galega foi unha constante ao longo da súa vida. Trátase dun

recoñecemento que leva tempo madurándose e que por fin se materializa co apoio de distintas entidades culturais e veciñais. Tras o acto, as persoas asistentes que así o desexen poderán participar nun xantar conmemorativo ás 14:30 horas na Casa de Aira Padrón. Para acudir á comida é preciso realizar reserva previa.

“O Val de Lóuzara ten un gran valor patrimonial para Samos, como o mosteiro e o Camiño”

Analizamos os elementos que colocan o municipio samanense no mapa patrimonial, cultural e histórico da comarca de Sarria

Jessica Fernández

Coa chegada da primavera e a Semana Santa, comezan a brotar como as flores os peregrinos que percorren diferentes municipios para chegar ao seu destino: Santiago de Compostela. Un deses municipios é Samos, con gran tradición de peregrinaxe, xa que é un dos Concellos que forman parte da Mancomunidade de Concellos do Camiño Francés, sendo conexión entre Triacastela e Sarria, así como tamén posuír un elemento clave que atrae aos devotos desta ruta xacobeá: a Abadía de Samos, co Mosteiro de San Xulián.

Para Xaime Fernández, historiador e guía turístico samanense, di que o elemento patrimonial “máis bonito e impresionante da comarca de Sarria é o Mosteiro. A poboación de Samos e toda a vida da capitalidade do Concello saíu deste lugar, xa que a Abadía rodea a vila de Samos, incluso temos unha ‘muralla’ esquecida que tamén forma parte do noso patrimonio. O mosteiro, ademais, é un símbolo do Camiño de Santiago, xa que acolleu peregrinos desde o ano 1020 e séguelo facendo. Alfonso II Castro, que se criou no Courel, pero recibiu a súa educación no mosteiro de Samos, foi considerado o primeiro peregrino”, sostén. Así, como

di Xaime, a tradición afirma que baixo o seu reinado produciuse o descubrimento da tumba do apóstolo Santiago, polo que, no século XI, Alfonso foi considerado o primeiro peregrino e no século XX atribuíuselle a creación do camiño primitivo que parte desde Oviedo. “O camiño xira ao redor de samos e Samos sen o Mosteiro e sen o camiño non sería o mesmo”, destaca Xaime. Por iso, sostén que “o Camiño de Santiago é importantísimo, sobre todo en Samos porque pasan dúas variantes, unha desde Triacastela pola zona de San Xil ou pola vila de Samos, “que é a que ten máis éxito porque, de paso que fas o camiño, ves o mosteiro; e iso dálle a Samos vida, produce consumo na vila e repercute positivamente no económico e tamén no cultural, sobre todo na temporada alta. O Concello de samos dáse a coñecer grazas ao Camiño de Santiago. Eu coñezo xente de Irlanda que coñece Samos porque viñeron facer o Camiño, polo que isto é un factor clave para divulgar Samos”. Porén, non esquece outros lugares emblemáticos de Samos, como O Val de Lóuzara, xa que “ten paisaxes e zonas espectaculares, así como un gran patrimonio megalítico”, comenta, e engade outros que valora da co-

marca de Sarria, como A Capela do Ciprés de samos, a Igrexa do Hospital do Incio, o Mosteiro de Madalena de Sarria, a Torre da Fortaleza de Sarria, o Castro de Formigueiros de Samos, pero preto do Incio; a necrópole de Santa Mariña do Incio, o Monte Oribio entre Samos e Triacastela, Santo Estevo de Paradelas e a zona do río Loio e a zona do río Neira en Láncara.

AS RUTAS E O TURISMO. A guía turístico samanense traballou na oficina de turismo de Sarria, na de Samos, estivo de voluntario no albergue de Triacastela e sobre todo traballou na Abadía de Samos. Con todas estas experiencias, puido tamén levar a cabo algunhas visitas co Concello de Samos e algunha asociación cultural, polo que se sente “moi feliz de poder achegar o coñecemento a outras persoas do que ofrece a comarca de Sarria, e sobre todo, poñer en valor o noso patrimonio”, sostén; xa que as rutas guiadas consisten en “falar da Historia do lugar, ver os puntos máis importantes da zona, contar anécdotas e intentar que sexa unha experiencia agradable, á vez que a xente se deleite e coñeza o sitio, sabendo a súa evolución. En resumo, é poñer en valor o lugar e axudar



coñecer mellor a zona; é dicir, redescubrir. Por exemplo, todo o mundo pode ir ata o mosteiro, pero nunha sesión guiada descubres os claustros, a antiga portela románica do século XII, a sancristía, as pinturas murais, os seus retablos barrocos, os poetas que estiveron aí, como Ramón Cabanillas, que escribiu o seu último libro neste mosteiro... As rutas guiadas serven tamén para falar de literatura e é algo que me gustaría facer máis no futuro”, comenta.

Así, anuncia que o 10 de maio se vai inaugurar en Lóuzara unha placa conmemorativa na casa de Fiz Vergara para potenciar a ruta de Fiz Vergara Vilaño, promovida pola asociación Ergueitas de Sarria. “Este é un exemplo de revitalización desta ruta e de Lóuzara, que é un lugar cun gran potencial. Eu estarei aí presente porque me parece importante promocionar que xente descubra a nosa identidade propia”, destaca.

Por todo isto, explica que “eu estou a disposición de todos os concellos e das asociacións para facer todo tipo de activi-

dades guiadas, xa que me gusta espallar o meu coñecemento, pero tamén nutrirme co de outros. Teño en mente facer algún proxecto sobre turismo cultural, literario e etnográfico, con rutas máis especializadas sobre a historia desta zona, resaltando o patrimonio arquitectónico e cultural da comarca de Sarria. Ao final, os guías turísticos e o sector en xeral debe mirar cara a un turismo que sexa máis respectuoso co medio natural coa identidade cultural do sitio onde estamos, que valorice a nosa lingua, a nosa cultura, a nosa historia, e que sirva para apoiar, non para ser o substituto dos nosos valores tradicionais do medio natural. O turismo debe ser un complemento e unha potenciación do noso, que beneficie á poboación local; formando parte nós dela, non facer un parque temático a parte. O turismo ao que debemos ir debe formar parte da vida cotiá e debe promover o entendemento das culturas, así como fomentar o respecto pola identidade propia de cada unha delas”, subliña.

INVISTE EN PARADELA

FAI REALIDADE O TEU PROXECTO: VIVEIRO DE EMPRESAS E POLÍGONO INDUSTRIAL.

CONCELLO DE PARADELA

VIVEIRO DE EMPRESAS

200 ANOS

Concello de Paradelas

Sonia Arias presenta o seu libro 'Antes pasábase por aquí'



A escritora paradelense Sonia Arias presentará o vindeiro 12 de maio na Deputación de Lugo o seu novo traballo literario, un poemario titulado 'Antes pasábase por aquí', no que rende unha homenaxe ao rural galego, ás súas tradicións, á lingua e á memoria dos pequenos pobos coma o seu, Vidul, na parroquia de Aldosende, en Paradela.

A obra, que nace dunha lembranza persoal, parte dunha frase que lle dicía seu pai cando camiñaban polo monte: "Antes pasábase por aquí". A partir desa expresión, Arias constrúe unha reflexión poética sobre o abandono progresivo do rural e a perda de costumes, lingua e identidade que, para ela, supón unha preocupación e un compromiso.

"É unha poesía moi xeralizada, aínda que parte do meu pobo. O título abrangue moito, fala de todos os pobos. É cariño e amor polo rural, pero tamén expresa mágoa, porque vexo como se vai perdendo", explica Arias. Así, o poema fai referencia á vida nos pobos, como

as actividades cotiás que levaba a cabo a súa avoa e a xente da aldea; aos "pequenos detalles dun pobo" que, segundo a autora, están quedando esquecidos fronte ao avance das modas e das aparencias.

A frase que dá título ao poema xa fora recollida nunha revista da Deputación de Lugo, onde tivo moi boa acollida pola súa capacidade para sintetizar a realidade actual de moitas zonas do interior galego.

"Reflicte en poucas palabras o que está a pasar en Galicia", subliña a escritora. Para Arias, a defensa do galego vai máis aló da lingua: "Non estou pechada a falar un idioma ou outro, pero quero que pensem en galego. Vai todo xunto: lingua, cultura, identidade. O galego sempre foi unha persoa que anda polo mundo, e hai que levalo con nós a todos os sitios". Arias continúa así cunha traxectoria literaria marcada pola vinculación coa súa terra natal e o compromiso co patrimonio cultural galego.

Montse Mulet: "Apostamos por un goberno que traballe día a día"

Montserrat Mulet vén de ser elixida presidenta do PP de Paradela no Congreso da agrupación local celebrado para renovar a directiva da formación.

A rexedora do municipio, que presentou a única candidatura para presidir a formación local, asegurou "traballo", ofreceu "escoita" e destacou como un dos obxectivos "integrar xente nova no noso proxecto". É dicir, "manter as bases que xa había e incorporar máis xente para facer que o proxecto medre".

Con 30 anos de experiencia no goberno municipal que preside dende o 2024, encabeza unha directiva integrada por "persoas da base" do PP de Paradela e "aposta pola xente nova".

A presidenta provincial dos populares, Elena Candia, agradeceulle que "asumira a responsabilidade de ser alcaldesa e agora de encabezar a agrupación local do PP", destacou a súa "lealdade" co proxecto e cos veciños e puxo en valor que o PP da provincia sume "unha muller máis en postos de responsabilidade". Así mesmo, subliñou "a súa valía profesional con moita formación" como médico e farmacéutica e destacou "a súa gran vocación e dedicación a Atención Primaria".

A NOVA DIRECTIVA. Mulet contará na directiva da agrupación local cos concelleiros Jesús Pablo López como secretario xeral, Ana Belén López como secretaria de organización e Hugo Pérez como vogal xunto a Marisol Arias, Rocío Domínguez, Manuel Sánchez, Iria



Regueiro, Nuria López, Marcos Rodríguez, Susana Núñez e José Luís Pérez. José Manuel Mato foi nomeado presidente de honra.

A nova presidenta do PP local destacou "o xesto de xenerosidade" de Mato por "pasar a testemuña con esperanza", nas súas propias palabras. Durante o seu discurso, o presidente saínte quixo ter palabras de recordo para tódalas persoas "que foron moitas" que formaron parte do proxecto do PP de Paradela durante os seus anos á fronte do partido nos que "tratamos de dinamizar o noso Concello" e destacou que "fomos un exemplo de concordia".

Montserrat Mulet gabou as "conviccións" de Mato, que é concelleiro da corporación local e deputado autonómico, ao que considera "un referente" e indicou que pretende "seguir na mesma liña: a da fidelidade, a palabra e o sentido común". Elena Candia tamén se sumou ao recoñecemento a José Manuel Mato, "unha persoa comprometida,

xenerosa, fiel e leal", polas 12 maiorías absolutas e 45 anos con responsabilidade de goberno. Igualmente, destacou "esta nova etapa no Parlamento de Galicia" que é de "xustiza".

O PP local defende un goberno municipal que "manteña todo o que ten Paradela e siga traballando día a día para atender o que os veciños e veciñas demandan". Entre as actuais liñas de traballo, Mulet citou a aposta polo sector primario como motor económico co municipio e destacou a Paradela como "municipio estratéxico" no entorno do Camiño Francés e da Ribeira Sacra que é candidata a Patrimonio da Humanidade.

O goberno local tamén "fomenta a natalidade, apoia o coidado dos nenos e maiores", aposta pola empregabilidade e vela pola prestación dos servizos básicos; ademais apoia as asociacións culturais e deportivas que dinamizan a vida social "de pequenos concellos coma o noso".



ATENCIÓN FAMILIAR

SOMOS ESPECIALISTAS EN CARNE FRESCA. CO CORTE AO GUSTO DO CLIENTE

DESCUBRE O NOSO EMBUTIDO DE A FONSAGRADA

HORARIOS DE LUNS A SÁBADO
Horario continuo de 9:00 a 21:00 h.

DOMINGOS E FESTIVOS
De 10:30 a 14:00 h.

RÚA DIEGO PAZOS 47, SARRIA
www.facendafarruquino.gal



CARPINTERÍA METÁLICA

- CARPINTERÍA DE ALUMINIO Y PVC
- PUERTAS, VENTANAS DE ALUMINIO
- VENTANAS DE PVC
- CIERRES EXTERIORES DE ALUMINIO LACADO
- PUERTAS MOTORIZADAS SECCIONALES Y DE CORREDERA
- MAMPARAS DE BAÑO Y MOSQUITERAS



CAMIÑO FRANCÉS

C/ Camiño Francés, 41 Sarria (Lugo)
Tel.: 672 149 386 / 982 009 270
caminofrances.aluminios@gmail.com

Barán celebrará a súa tradicional Festa na Honra a Santa Cruz

A localidade de Barán prepárase para celebrar por todo o alto a Festa na Honra á Santa Cruz o vindeiro sábado 3 de maio de 2025.

O programa festivo comezará ás 13:30 horas cunha misa solemne seguida dunha procesión, actos relixiosos que contarán coa participación da Orquestra Pontevedra, encargada tamén de amenizar a sesión vermú.

Pola noite, a festa continuará cunha gran verbena protagonizada polas orquestras Pontevedra e La Ola ADN, dúas formacións que prometen animar a velada co seu espectáculo musical e posta en escena.

Preparan unha nova área recreativa no Muíño do Sancho

O Concello do Incio contará cunha nova área recreativa no Muíño do Sancho, situado en Trascastro. Os traballos de acondicionamento da zona están a ser levados a cabo polo alumnado do obradoiro de emprego A Pobra do Brollón, O Incio e Bóveda.

A actuación realizarase en dúas fases. Na primeira delas, o alumnado traballou na marxe dereita do río Cabe, onde se procedeu á limpeza, retirada e queima da broza acumulada. Ademais, plantáronse varias árbores autóctonas e fixéronse un macizo de arandos e unha rocalla de plantas aromáticas.

A intervención tamén inclúe a instalación de varias mesas, que permitirán habilitar unha peque-



na área recreativa e de descanso para os veciños e visitantes.

A segunda fase consiste na reposición dunha antiga ponte que atravesa o río, que será substituída por unha pasarela de madeira.

Estímase que todos os traballos estean finalizados para o verán, permitindo así que a veciñanza e os turistas poidan desfrutar desta nova zona de ocio e recreo no corazón do Concello do Incio.

Seis vivendas municipais serán reformadas cunha achega de 300.000€

O Concello do Incio aprobou a licitación das obras de mellora do exterior das seis vivendas municipais, contando cun orzamento aproximado de 300.000 euros, xa que contan coa axuda da Xunta de Galicia.

A intervención terá como obxectivo mellorar o illamento térmico e a cuberta de todas as vivendas de propiedade municipal, que foron construídas no ano 1985 e destináronse inicialmente para que os traballadores do colexio e do centro de saúde contasen cunha opción

de alugueiro máis accesible.

Ademais, no pleno do mes de abril tamén se aprobaron varias propostas, entre elas, unha proposta polo Grupo Popular, que preside o Goberno local, que demanda o cumprimento da lexislación sobre o financiamento do servizo de atención á dependencia. Esta lei establece que, aínda que a xestión sexa responsabilidade municipal, a achega económica debe ser un 50 % por parte da Xunta e outro 50 % do Estado, "cousa que non se está a cumprir", tal e como

explicou o alcalde, Héctor Corujo.

Tamén se aprobou a renovación do acordo de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e os concellos da montaña para manter as rutas de A Furgoteca en todas as localidades da zona.

Por último, o Concello do Incio ratificou a súa adhesión ao convenio entre a Xunta e a Fegamp para o control da vespa velutina, unha especie invasora que leva anos presente na contorna galega.

O Incio acolle moita festa este mes de maio



O Incio xa quenta motores para celebrar as súas tradicionais festas na honra á Santa Cruz, que terán lugar os días 2, 3 e 4 de maio. A festa comezará o venres 2 de maio, cunha churrascada e queimada popular ás 21:00 horas, amenizada pola música en directo do Dúo Estrellas e o DJ Min. A organización informa que as persoas que non aportasen a cota deberán abonar 2 euros para participar na cea.

O sábado 3, a xornada estará animada dende primeira hora da mañá con pasarrúas a cargo da charanga CLK. Ás 13:00 horas celebrarase a misa solemne, e pola noite terá lugar unha gran verbena protagonizada polo Grupo Mar d'Arousa e a Orquestra Panama Band.

O domingo 4 pecharanse as celebracións cunha nova misa solemne ás 13:00 horas, seguida de procesión e unha sesión vermú animada polo Grupo Punto Clave. Pola tarde, ás 17:00 horas, haberá unha actuación dunha banda musical, e ás 19:00 horas porase o broche final cunha festa co Grupo Punto Clave.

FESTAS NO VAL DO MAO. A parroquia de Val do Mao, no Concello do Incio, prepárase para vivir dous días de intensa celebración con motivo das festas na honra a San Eufrasio, os vindeiros 15 e 16 de maio.

O evento contará con música en directo, gastronomía e tradición, co respaldo de numerosos patrocinadores e o entusiasmo da veciñanza. O programa festivo comezará o xoves 15 de maio cunha misa ás 11:00 horas e unha misa maior ás 13:30 horas, seguida de procesión e sesión vermú a cargo do Grupo de Música Tradicional Biouteiro Astellu. Pola noite, ás 21:00 horas celebrarase unha cea popular amenizada polo Grupo Tania Veiras, que poñerá o toque musical á xornada.

O venres 16 de maio, a festividade continuará cunha nova misa maior ás 13:30 horas, procesión e outra sesión vermú, esta vez a cargo do Grupo Zona Zero. Ás 22:00 horas chegará un dos momentos máis agardados: a gran verbena, coas actuacións do Grupo Zona Zero e da Orquestra Miramar, que prometen facer bailar a todo o público ata altas horas da madrugada.



MARMOLES VILARO



ESPECIALISTAS EN

- PIEDRA NATURAL
- PORCELÁNICOS Y CUARZOS *
- ENCIMERAS DE VANGUARDIA
- GRABACIONES EN PIEDRA
- MOLDURADOS

*De las más prestigiosas marcas del mercado

 Políg. Ind. Balmao - Betote, S/N
27617 - Sarria (Lugo)

 Tel. 982 532 577 - Fax 982 532 577

 marmolesvilario@hotmail.com

 www.marmolesvilario.com



Supermercados PARADELA

Su supermercado de confianza

Servicio de carnicería

Calle Cabaleiros de Santiago, 77 Bajo
27611 PARADELA / Telf.: 982 541 532

triacastela

O municipio destaca pola súa aposta pola educación comunitaria



A comunidade educativa do CEIP Eduardo Cela Vila de Triacastela despediu o segundo trimestre cun Obradoiro de Primavera no que participaron as familias do centro. Este evento consistiu nunha xornada de convivencia, aprendizaxe e diversión. As actividades comezaron cun contacontos baseado no libro 'A Eiruguiña Comellona', que fixo as delicias tanto dos máis pequenos como dos maiores. Despois, os asistentes desfrutaron dunha pequena merenda, que serviu para afianzar lazos entre as familias e o persoal docente. A xornada rematou cunha actividade artística na que cada familia plantou un xirasol, simbolizando os bos desexos para o próximo trimestre e a chegada da primavera. O profesorado do CEIP Eduardo Cela Vila quixo agradecer a implicación constante das familias e o gran traballo realizado polo alumnado ao longo do trimes-

tre. Tamén desexaron que todas e todos gozaran dun merecido tempo de descanso, para poder afrontar o derradeiro trimestre do curso con ilusión e enerxía renovada. Este último tramo do ano promete ser igual de dinámico, cunha programación repleta de actividades e proxectos que fomentarán o traballo en equipo e o desenvolvemento integral dos pequenos. Por outra banda, abriuse a nova Casa Niño Cabaciña, xestionada pola educadora infantil Lorena García, nas inmediacións do colexio, no espazo onde se atopaba a Casa Niño Vivarachos. Cabaciña recibe este nome como un símbolo de protección, tenrura e proximidade, valores fundamentais para crear un ambiente seguro no que os máis pequenos se sintan como na súa casa. A Casa Niño ten como obxectivo permitir ás súas familias conciliar a vida laboral co coidado e a educación dos seus fillos e fillas.

láncara

Isabel Rodríguez puxo en valor ás persoas maiores na Festa dos Avós

A Festa das avoas e dos avós de Láncara, unha cita xa emblemática no municipio que recoñece o papel fundamental das persoas maiores na sociedade, acolleu a participación de centos de persoas, entre as que destacou a subdelegada do Goberno en Lugo, Isabel Rodríguez. Durante o acto, Isabel Rodríguez puxo en valor "a memoria, a tradición e a dedicación dunha xeración que fixo país" e destacou que moitas persoas maiores "son hoxe un pilar fundamental das familias, tamén no ámbito económico e emocional". Rodríguez subliñou o compromiso do Goberno de España co envellec-



cemento digno e activo, a través de medidas como a revalorización das pensións ou o aumento dos recursos para a dependencia, e advertiu da importancia de reforzar a segu-

ridade das persoas maiores fronte a situacións de violencia ou engano, destacando o papel da Garda Civil no desenvolvemento do Plan Maior.

A Asociación O Noso Lar organiza unha excursión a Taramundi

A Asociación O Noso Lar, coa colaboración do Concello de Láncara, organiza unha excursión a Taramundi o vindeiro sábado 17 de maio, unha proposta pensada para gozar dunha xornada de turismo rural, cultura e gastronomía nesta localidade asturiana pioneira no turismo rural. A saída está prevista ás 8:00 horas e durante o día visitaranse lugares emblemáticos como o Conxunto Etnográfico de Teixois (con traslado en microbús incluído), o Museo dos Muíños de Mazonovo, o Museo da Cuchería ou o Hotel A Recitoral, situado nunha antiga casa reitoral do século XVIII. Ademais, os participantes poderán gozar da rica e variada gastronomía local, especialmente coñecida polos seus queixos, con comida en restaurante incluída.



Pola tarde, o grupo visitará unha queixería, onde poderán coñecer o proceso de elaboración do queixo de Taramundi e degustar distintas variedades. Posteriormente, haberá tempo libre para visitar tendas de artesanía local, onde destacan as navallas e coitelos tradicionais, produtos de pa-

nadaría, mel, marmeladas, zumes, ovos de casa e outros produtos elaborados na zona. O prezo por persoa é de 65 euros e inclúe o autobús, guía acompañante, traslado en microbús a Teixois, entrada ao conxunto etnográfico, comida en restaurante e seguro de viaxe.

Láncara acolle un curso gratuíto sobre plantas aromáticas e medicinais

O Sindicato Labrego Galego e COAG, coa colaboración da Asociación Cultural Val de Láncara, organizan un curso gratuíto en Láncara titulado 'Plantas aromáticas e medicinais'. Este curso celebrarase os días 9, 10 e 11 de maio nas instalacións da Asociación Cultural Val de Láncara (LU-621, 43, 27367 Láncara).

Concretamente, os horarios das sesións serán o 9 de maio, de 15.00 a 19.00 horas, e os días 10 e 11 de maio de 9.00 a 13.00 horas. O curso será impartido por María Frá Bagaría, recoñecida experta na materia e a formación está dirixida a persoas traballadoras, autónomas e desempregadas. A actividade, á que as persoas

interesadas poden apuntarse a través dos números 982 231 154 ou 604 02 78 86; ou mandando un correo electrónico ao enderezo: lugo@sindicatolabrego.gal; está financiada polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA), e está dirixida, sobre todo, a persoas traballadoras, autónomas e desempregadas.



LIMPIEZAS ISABEL

674 467 444
641 171 951

PRESUPUESTO SIN COMPROMISO

isabellimpiezas@gmail.com

LIMPIEZA DE:

- Comunidades de propietarios
- Post-obra de edificios y locales
- Pisos turísticos y albergues
- Garajes
- Comercios
- Cocinas de restaurantes
- Limpiezas en general

DEPORTES

O Samos FS proclamouse campión do XXXII Torneo de Fútbol Sala

O Concello de Samos foi, un ano máis, epicentro do deporte comarcal coa celebración do XXXII Torneo de Fútbol Sala, que tivo lugar entre os días 17 e 20 de abril. O evento, organizado polo club Samos Fútbol Sala en colaboración co propio concello e a Deputación de Lugo, congregou durante catro xornadas a afeccionados, xogadores e equipos de distintos puntos da provincia e da contorna.

O campionato, xa consolidado como unha cita imprescindible no calendario deportivo local, destacou tanto pola calidade dos encontros como pola excelente organización. A gran final enfrontou ao equipo anfitrión, Samos FS, co conxunto de Botafogo, nun duelo vibrante que rematou coa vitoria dos locais. O terceiro posto foi para Taberna



D'Orixen, mentres que o cuarto lugar ocupouno Nutrimentos Ferreiro. O torneo contou tamén co apoio de numerosos negocios e entidades da zona, que colaboraron para facer posible unha nova edición marcada pola

paixón polo deporte, o espírito de superación e a participación da veciñanza. A cita non só promove o fútbol sala, senón que reforza a cohesión social e dinamiza a vida cultural e deportiva do municipio.

O Club Xirandela segue sumando vitorias co traballo das ximnastas

O Club Xirandela participou no Torneo de Ximnasia Rítmica Lucus Augusti, onde competiu cos seus equipos de nivel B e parte dos seus conxuntos de nivel escolar. En nivel B, o conxunto infantil proclamouse campión, conseguindo a medalla de ouro, mentres que o conxunto iniciación acadou un meritorio bronce. O conxunto prebenxamín, pola súa banda, non conseguiu medalla nesta ocasión. Polo que respecta ao nivel escolar, tres equipos lograron subir ao máis alto do podio: conxunto iniciación, conxunto prebenxamín e conxunto cadete, todos eles medalla de ouro. Os equipos infantil e benxamín realizaron tamén unha boa actuación, aínda que non conseguiron medalla. Desde o club destacaron o esforzo e a evolución de todas as súas ximnastas, resumindo a súa experiencia cunha mensaxe clara: "Regresamos de novo orgullosísimas do traballo de todas as nosas ximnastas".

XVI TORNEO XIMNASIA RÍTMICA. Tamén participaron no XVI Torneo de Ximnasia Rítmica de Becerreá, no que todos os grupos conseguiron medalla. No nivel B, as ximnastas demostraron o seu gran nivel competitivo ao acadar o ouro nas categorías de Conxunto Iniciación P e Conxunto Infantil. Ademais, o Conxunto Iniciación



M logrou unha merecida medalla de prata, mentres que o Conxunto Iniciación G e o Conxunto Prebenxamín fixéronse co bronce, completando así un podio en cada unha das súas participacións. No nivel escolar, o Conxunto Prebenxamín, o Conxunto Benxamín,

o Conxunto Alevín P e o Conxunto Cadete acadaron o primeiro posto nas súas respectivas categorías. Pola súa banda, o Conxunto Alevín M e o Conxunto Infantil alzáronse coa segunda posición, e o Conxunto Iniciación completou a xornada cun terceiro posto.



**Peluquería
Isolina**

Tu peluquería de confianza desde 1987

Avda de Castilla, 19 - Triacastela 617 403 579

Mateo Fernández e Álex Losada, campións de Europa



Mateo Fernández, deportista de taekwondo de Portomarín, que adestra na Escola Taekwondo Sarria da man do recoñecido Álex Losada, máis coñecido como Álex Camba, acadou o título de Campión de Europa no Campionato de Europa celebrado en Tallin, Estonia. Xunto con Aitor, do Club Neka de Monforte, e con Hugo Arno, que participaron na categoría por equipos en trío júnior, Mateo alzouse coa súa primeira medalla europea, sendo esta de ouro. Na primeira rolda venceron con contundencia a Gran Bretaña e na final realizaron unha actuación "aínda mellor" contra Turquía, para así subir ao máis alto do podio, tal como explicou o seu adestrador Álex Losada, que tamén competiu no Europeo.

"Un feito formidable e extraordinario e un grandísimo orgullo para Portomarín, para a escola e para Sarria contar con este novo título. Con Hugo e Aitor formaron un equipazo que se viu reflectido no resultado", afirmou Álex. Pola súa parte, xunto cos seus

compañeiros Marco García e Carlos Rey, do Club Neka de Monforte, Álex competiu na categoría sénior por equipos, acadando de novo un ouro. Álex e Carlos eran os vixentes campións de Europa, e gañadores desta categoría nos dous últimos europeos de 2021 e 2023, polo que, con este título, coróanse como tricampións de Europa e manteñen a hexemonía na devandita categoría. Venceron a Portugal na primeira rolda, despois a Bulgaria, nas semifinais a Francia e na final a Alemaña. Desde a primeira ata a última rolda, o equipo non deu opción a ningún dos seus rivais, amosando unha gran superioridade en todas as fases e acadando, unha vez máis, ser campións de Europa indiscutibles.

"É un suceso extraordinario e excepcional acadar unha medalla europea, e moito máis complicado que ambas sexan de ouro. É un orgullo para nós levar o nome de Sarria por todo o mundo e con resultados coma estes", afirmou Álex Losada.

PINTOR

PINTURAS HOGAR

LATAS

tel.: 659 76 79 36

PINTURAS - BARNICES
PERSIANAS
PAPEL PINTADO
TARIMA FLOTANTE
659 767 936

HOGAR
CORTINAS - STORES
RIELES
ALFOMBRAS
EDREDONES

C/ Benigno Quiroga,
93-95, bj - 982 533 497
SARRIA (Lugo)

Os valores da SD Sarriana, presentes en cada categoría

A Sociedade Deportiva Sarriana sobresa polos resultados obtidos durante esta tempada en cada unha das categorías do seu fútbol base e profesional

Jessica Fernández

A Sociedade Deportiva Sarriana sobresa polos resultados do seu primeiro equipo, a Sarriana A, que xoga en 3ª RFEF e logrou matematicamente clasificarse para a eliminatoria de ascenso a 2ª RFEF, pero este ano tamén destaca o **sénior B**, que vén de ascender a Segunda Galicia despois de empatar contra o CD Corgo na volta, pero gañaran 3-1 na ida,



o que lles asegurou a vitoria. O seu adestrador, Raúl Fernández, sostén que "o que se conseguiu é algo moi importante para Sarria; para a canteira da Sarriana e para toda a xente que está arredor do club. Durante o partido, as bancadas estaban cheas de nenos, cheas de pais; foi todo o mundo apoiar ao equipo, mesmo xente que non ten vinculación co club pero que é de Sarria, e iso é moi importante para os rapaces que están neste club. É importante que haxa unha saída para os rapaces da canteira, porque o primeiro equipo está lonxe —hai que ser realistas— e isto é esencial para ter unha boa canteira, que os nenos e nenas que queiran xogar na Sarriana poidan facelo. Hai que seguir dando

pasiños e mellorar a base", explicou. Ademais, valorou positivamente a evolución do equipo esta tempada: "O obxectivo deste ano era ascender de maneira directa, pero non puido ser, xa que son rapaces novos que aínda teñen cousas que mellorar e esta categoría tivo moito nivel; é unha categoría sufrida na que hai que ser moi contundentes. Porén, están a un moi bo nivel e case non

encaixamos goles. As sensacións son inmejorables, tiveron unha moi boa actitude durante a tempada e competiron ben, polo que me gustaría seguir con eles", sostivo. Pola súa parte, o **equipo xuvenil**, dirixido por Héctor Sánchez, vén de facer unha moi boa tempada, xa que conseguiron clasificarse á fase de promoción de ascenso, pero diversas baixas de xogadores importantes como Óscar fixeron que o equipo non puidera acadar o obxectivo do ascenso. O adestrador explica que están "baixos de ánimo con este final, aínda que foi unha liga complicada na que os xogadores demostraron o seu talento contra rivais grandes; pero quizais nos faltou sorte". Así, dixo que "este ano, custounos

moito comezar ao principio porque nos tocou xogar nunha liga nova, a interprovincial, na que hai bastante nivel; pero conseguimos, con esforzo, meternos na fase de ascenso e pelexamos ata o final. O peor desta última etapa foron as baixas de xogadores importantes, que condenaron ao equipo", explica o adestrador. Con todo, explica que "habrá que ir vendo o que pasa e depende de moitos factores o que eu siga con eles, xa que é un equipo moi novo de 17 xogadores e moitos son novos, esta tempada foi difícil e habrá que analizar todos os aspectos". Con respecto ao **equipo cadete**, que está formado por 22 xogadores entre os que destacan outros catro de categoría infantil, veñen de ascender despois de xogar a promoción de ascenso ao clasificarse como segundos, algo que Roberto Díaz, adestrador do equipo cadete da SD Sarriana, valora moi positivamente: "Estou moi contento cos rapaces. Hai un grupo moi bonito no que prima o compañeirismo, ao que lle dou moita importancia. É importante xogar ao fútbol, pero son máis importantes os valores que se adquiren durante a práctica do deporte. Traballamos tres días á semana e notouse moitísimo o cambio desde



o principio de tempada ata agora, ademais de que é unha idade na que se lles nota moito o cambio", explica Díaz. Por iso, espera seguir da man deste grupo o ano que vén, "a pesar de ser unha idade difícil na que ás veces me mostran que non me soportan, porque creo que ao final me fan caso, me poñen atención, nos rimos... Creo que hai un ambiente positivo que se pode manter de cara ao futuro, aínda que depende de moitos factores, porque eu tamén formo parte do corpo técnico do primeiro equipo e adestro a outros equipos da comarca", explica. No caso do **equipo infantil**, os rapaces de 12 e 13 anos lograron o obxectivo de permanecer na liga de primeira división despois de ter unha boa evolución durante toda a tempada. O seu adestrador, Tomás Susavila, defende que "empezamos este ano con moitos rapaces de primeiro ano, polo que notei que lles custaba moito a adaptación, pero a partir de decembro, a verdade é que nestes meses notei un crecemento impre-

sionante. Os rapaces están facendo una carreira espectacular e teñen un nivel de disciplina que me sorprende, ademais de haber tamén unha moi boa evolución a nivel técnica e

“Que os rapaces teñan obxectivos é bo porque os motiva, pero para min o máis importante é dar opcións de vida. É dicir, formamos rapaces a nivel individual”

de compañeirismo entre todos os xogadores. Ao final, a miña finalidade sempre é armar un bo grupo cunha boa dinámica, porque os grupos bos fan cousas lindas e interesantes”, destaca o técnico. Por iso, púxose como obxectivo a permanencia: "Que os rapaces teñan obxectivos é bo porque os motiva, pero para min o máis importante é dar opcións de vida. É dicir, formamos rapaces para que, a nivel individual, se queren xogar ao fútbol o día de mañá, poidan facelo; pero se queren seguir outro camiño da vida, os valores do deporte lles axuden na vida mesma. Trato de inculcar valores e tamén intento que disfruten, porque é un deporte que a todo o mundo lle gusta xogar e é moi querido no mundo".



PRESUME DE JARDÍN
CON LA CALIDAD PREMIADA DE LA BATERÍA STIHL.

UNA BATERÍA PARA TODAS TUS MÁQUINAS

DESCÚBRELAS EN TU TIENDA ESPECIALISTA STIHL.

OFERTA PRIMARIA 2024

Ferretería SarriA

Pedro Saco 33, Sarria.
Telf. 982 532 202



CREADOS

- PSICOPEDAGOGÍA
- EVALUACIONES PSICOPEDAGÓGICAS
- LOGOPEDIA Y LENGUAJE
- PSICOLOGÍA Y PSICOTERAPIA
- ATENCIÓN TEMPRANA (0-6 AÑOS)
- ESTIMULACIÓN PRECOZ (2-3 AÑOS)
- REFUERZO EDUCATIVO ESPECIALIZADO
- ESTRATEGIAS Y TECNICAS DE ESTUDIO

INFANTIL PRIMARIA ESO

¡Infórmate sin compromiso!

Calvo Sotelo, 183 Bajo
27600 Sarria (LUGO)
626 21 86 28



Por iso, púxose como obxectivo a permanencia: “Que os rapaces teñan obxectivos é bo porque os motiva, pero para min o máis importante é dar opcións de vida. É dicir, formamos rapaces para que, a nivel individual, se queren xogar ao fútbol o día de mañá, poidan facelo; pero se queren seguir outro camiño da vida, os valores do deporte lles axuden na vida mesma. Trato de inculcar valores e tamén intento que disfruten, porque é un deporte que a todo o mundo lle gusta xogar e é moi querido no mundo”.

Con respecto ao futuro, di que “tras conseguir a salvación e co obxectivo cumprido, iremos pensando nos do ano que vén, conxuntamente, porque eu espero seguir con eles porque me gusta moito o que temos construído nestes dous anos que levo con eles. Ademais, para min é moi bonito ver como medran e cambian, así como ver como se axudan uns a outros, os

que levan un ano axudan a mellorar aos que acaban de entrar e é unha categoría que para min é bonita porque non só estou eu guiando ao equipo, tamén o fan os grandes cos máis pequenos e isto tamén lles ensina valores de axuda aos grandes e de exemplo aos que son axudados”, conclúe.

Nacho, adestrador do equipo **Alevín A** da Sarriana, fai un balance moi positivo da tempada. O equipo, formado por 14 nenos, comezou o curso con moitas ganas e está rematando coa mesma ilusión, incluso cunha evolución notable tanto no xogo como na actitude. Actualmente compiten na Alevín F8 Primeira Futgal, unha categoría esixente onde están amosando un gran nivel ata mediados de maio.

O técnico destaca o “compromiso e a ilusión dos rapaces, que non só están disfrutando do fútbol, senón que tamén reflicten os valores que promove tanto o club

como o propio deporte: compañeirismo, respecto, esforzo e deportividade”.

Todos os xogadores tiveron a oportunidade de participar activamente nos partidos, xogando os mesmos minutos e en diferentes posicións no campo, o que favorece a súa formación integral. De cara ao futuro, a maioría dos xogadores pasarán á categoría Infantil, e a intención do club é que continúen medrando tanto a nivel deportivo como persoal, aínda que non se sabe se o técnico seguirá á fronte do equipo.

O adestrador do equipo **Benxamín A** da Sarriana, que asumiu o reto de dirixir o conxunto benxa-

calquera disciplina deportiva. Coa vista posta no futuro, manifestou o seu desexo de implicarse aínda máis co grupo: “Quero estar máis tempo con eles xa que estamos a xogar torneos nunha segunda fase de liga e participaremos na Copa Deputación”.

Ademais, recalcou que todos os nenos disfrutan do mesmo tempo de xogo e rotan en todas as posicións, buscando unha formación global. Por último, adiantou unha idea que espera poder presentar proximamente ao club: a creación dun equipo feminino de fútbol 8 composto por nenas de entre 9 e 11 anos, un proxecto que, segundo as súas palabras, “xa o comentarei



mín xunto a Froilán, comenta que o equipo conta con 11 xogadores, e en varias ocasións tiveron que recorrer ao Benxamín B para completar convocatorias en partidos e torneos. “O nivel é bo, pero pódese mellorar moito”, asegurou o técnico, deixando claro que hai marxe de crecemento.

Un dos aspectos que máis lle preocupa é a formación adecuada nestas idades, subliñando a importancia de contar con adestradores titulados. “Necesitamos máis adestradores titulados para traballar nestas idades, que non é só xogar ben, senón xestionar a súa coordinación e a psicomotricidade”, afirmou.

O seu enfoque vai máis alá do resultado inmediato, centrado en sentar bases sólidas que sirvan non só para o fútbol, senón para

no seu momento no club”.

Finalmente, o **equipo prebenxamín A** ou tamén considerado o **equipo revelación** agrupa a 11 que

“O equipo Revelación é un equipo moi bo, no que todos están implicados co deporte, así como o están as súas familias, algo que é moi importante”

contan para o seu desenvolvemento deportivo e persoal con Valentín Mosqueira, o adestrador, que pon en valor o equipo. “É un grupo moi bo, no que todos están implicados co deporte, así como o están as súas familias, algo que é moi importante. Veñen aos adestramentos e aos partidos para apoiar aos seus fillos e involúcranse co equipo. Pola súa parte, os nenos forxaron amizades e mostran o seu interese por aprender. É impresionante como procesan a información”. Por iso, están competindo para participar no campionato galego, “o que sería unha gran recompensa enorme para os nenos”. Con respecto ao futuro, di que lle gustaría seguir co equipo “porque son moi bos, estou moi contento e quero seguir axudándolles a que melloren, que xoguen todos máis/ menos os mesmos minutos e en todas as posicións para que todos teñan distintas experiencias, que poidan probar e xogar, así como aprender e decidir onde se senten máis cómodos”, subliña.





DÍA DA NAI SARRIA

22-4 MAIO

Mamá dacho todo, dälle ti o mellor, merca produto local
Merca o teu agasallo no Centro Comercial Urbano de Sarria e
GAÑA UN VALE DE 200€

Proxecto cofinanciado por
XUNTA DE GALICIA
aces ccu

DESCUBRINDO O PATRIMONIO

Mosteiro de San Facundo de Ribas do Miño

Esta é unha das xoias patrimoniais máis singulares do municipio paradelense, que se remonta ao ano 1120

No Concello de Paradelá, entre as ladeiras cubertas de viñedos e ás beiras calmas do río Miño, atópanse os restos do antigo mosteiro de San Facundo de Ribas de Miño, unha das xoias patrimoniais máis singulares do municipio paradelense. A súa localización, no val que forma o río ao seu paso polo municipio, non é casual: alí, onde o Miño baixa sereno, erguéronse no século XII unhas instalacións relixiosas que serviron de refuxio e acubillo a peregrinos en ruta cara a Santiago de Compostela.

A historia deste mosteiro remóntase ao ano 1120, momento no que os monxes beneditinos decidiron establecerse neste lugar estratéxico para ofrecer axuda espiritual e material aos camiñantes do Camiño Francés. A súa fundación está directamente relacionada cun episodio histórico singular: a destrución da ponte romana de Portomarín por orde de Dona Urraca, raíña de León e Castela, no ano 1116. A súa decisión tiña como obxectivo prexudicar economicamente ao arcebispo Xelmírez, privado así das rendas derivadas do tránsito dos peregrinos. Como resposta a esta situación, e para garantir unha alternativa de paso, creouse o mosteiro de San Facundo nun punto do río onde a corrente era máis amable, facilitando o cruzamento en barcas.

O mosteiro naceu, pois, co espírito hospitalario que caracterizou a moitos dos enclaves relixiosos ao longo das rutas xacobeas. Durante séculos, San Facundo foi un lugar de acollemento, oración e descan-

so para viaxeiros de todas as procedencias, converténdose tamén nun elemento cohesionador do territorio.

A ARQUITECTURA. A igrexa do mosteiro presenta características arquitectónicas que a sitúan na transición entre o estilo románico tardío e o gótico primitivo. O elemento máis destacado deste templo é a súa bóveda de canón con seis robustos arcos de pedra que converxen nunha clave situada a só 5,30 metros de altura. Segundo o investigador Ricardo López, esta estrutura podería representar a primeira manifestación do estilo gótico en toda a Península Ibérica, un feito que outorga un valor singular ao edificio tanto dende o punto de vista histórico como arquitectónico.

A planta da igrexa é de nave única, cun ábsida semicircular ao fondo, en liña coas tendencias construtivas da época. Durante as obras de restauración, levadas a cabo no ano 1997, foron recuperadas valiosas pinturas murais de estilo hispano-flamenco datadas no ano 1474. Estas representacións iconográficas inclúen figuras de San Cristovo, San Sebastián e escenas da Virxe co Neno, o que engade un importante compoñente artístico ao conxunto.

A importancia patrimonial de San Facundo foi recoñecida oficialmente no ano 1982, cando o conxunto foi declarado Monumento de Interese Nacional. Máis recentemente, no ano 1997, acometeuse un ambicioso proxecto de restauración que tiña como obxectivo conservar e poñer en valor tanto a igrexa como a casa reitoral.

Este proxecto, dirixido polos archi-



tectos Alberte González Rodríguez e Jorge Salvador Fernández, foi distinguido co Primeiro Premio do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia no ano 1998, ao considerarse a mellor intervención de restauración realizada en toda a comunidade autónoma. O xurado destacou a fidelidade á estrutura orixinal e a integración co entorno natural, demostrando un respecto escrupuloso polo valor histórico do edificio e a súa contorna.

A CONTORNA. Se ben a arquitectura de San Facundo é notable, o seu entorno natural contribúe de maneira decisiva a reforzar a súa importancia. O mosteiro está situado nas ladeiras do monte da Trapa, un espazo cuberto de viñedos que conforman un dos paisaxes máis espectaculares da Ribeira Sacra. Estes bancais, ou "balcóns" como se lles chama na zona, descenden ata o mesmo leito

do Miño, conformando un mosaico agrícola que fala da longa tradición vitivinícola da comarca.

Moi preto do templo, atópase tamén a ermida de Penaredonda, un pequeno santuario que completa o conxunto relixioso da zona. Ademais, no propio río localízase un embarcadorio para o catamarán turístico, o que permite aos visitantes achegarse á historia e á beleza do lugar dende unha perspectiva fluvial única.

O mosteiro de San Facundo de Ribas de Miño non é só unha testemuña do pasado, senón tamén un activo cultural e turístico con grande potencial para o desenvolvemento local. A súa situación no trazado do Camiño de Santiago, combinada co atractivo paisaxístico e histórico do lugar, convérteo nun punto de interese para visitantes e investigadores.

O Concello de Paradelá aposta

cada vez máis por poñer en valor este tipo de patrimonio, combinando a conservación co fomento do turismo sostible. Eventos culturais, visitas guiadas e proxectos de dinamización do territorio son algunhas das liñas de actuación que se están promovendo para garantir que este legado non quede no esquecemento.

San Facundo de Ribas de Miño representa un exemplo sobranceiro da riqueza histórica, arquitectónica e espiritual do concello de Paradelá. A súa fundación ligada ao Camiño de Santiago, o seu valor como exemplo primixenio do gótico na Península e a súa integración nun entorno natural privilexiado fan del un lugar único e cheo de significados. A súa recuperación e posta en valor demostran que o respecto polo pasado é compatible cunha visión contemporánea e sostible do desenvolvemento rural.



Pili Madeira
FLORISTAS

bicarelo

📍 Rúa da Liberdade, 137
27600 Sarria (Lugo)

☎ 982 530 015 / 633 226 988
✉ floristeria@servimadeira.es
🌐 www.floristeriamadeira.es

MADEIRA
SERVICIOS FUNERARIOS

**Funerarias
Tanatorios
Seguros**

75
AÑOS
MADEIRA SERVICIOS
Desde 1945

Diego Pazos, 34 27600 SARRIA - Lugo
Teléfono y fax 982 53 00 15
funeraria@servimadeira.es www.tanatoriomadeira.es